

ASÍ FIXEMOS VINTE

Memoria da posta en marcha do proxecto

María Yáñez Anllo



ANEXO-01
Primeiro dossier do proxecto, elaborado en maio-xuño de 2018

VINTE

Unha revista dixital para
a Galicia dos anos 20.

PRESENTACIÓN

Premisa

A nova forma de consumir e producir contidos en internet supón unha **oportunidade de ouro** para darlle un impulso máis que necesario ao noso espazo de comunicación.

E temos que aproveitala os **medios**, as institucións, as empresas e as organizacións sociais.

Hai toda unha **audiencia** aí fóra que vive practicamente na rede e que e que demanda novos **contidos e produtos dixitais en galego**.

Unha audiencia que está a agardar pola chegada de **VINTE**.

Que é?

VINTE é a nova **revista de Praza**, unha publicacion **online** de contidos **multimedia** e en **profundidade** sobre temas de **sociedade, cultura e tendencias**.

VINTE quere **retratar e proxectar a Galicia dos anos 20** facendo un xornalismo que lles dea **relevancia** ás historias que se queren contar, botando man de distintos recursos **multimedia** que se poidan distribuír por distintas canles, e tendo como plataforma principal a **web**.

Obxectivos

- ➔ O público de **VINTE** está **entre os 25 e os 45 anos** (2ª metade da xeración X e millennials), aínda que buscará ir incorporando públicos máis novos.

- ➔ **VINTE** quere crear **novas audiencias** para o xornalismo e as industrias culturais en galego. E aproveitar todas as posibilidades do medio dixital, innovando, experimentando e sendo referente de calidade tamén fóra de Galicia.

- ➔ Tamén quere buscar **novas formas de relacionarse cos lectores**, de achegarlles valor, de ser algo importante na súa vida e na súa dieta informativa. De ser algo polo que estean dispostos a pagar.

- ➔ E quere ser unha **oportunidade para as marcas** e ofrecerse como soporte no que lles dea un alto valor estar, non só cuantitativo senón tamén de calidade, conectándoas cos seus potenciais consumidores a través da creatividade, da innovación e do talento dixital.

DE ONDE PARTE?

De onde parte?

A matriz deste proxecto é **Praza.gal**, creado en febrero de 2012 pola **Fundación Praza Pública** con vocación de ser o diario dixital líder en lingua galega. Estes son algúns datos da súa traxectoria:



Praza leva desde 2012 presentándose como "O xornal da Galicia que vén". Neste momento de expansión quere chegar a novos públicos, apostando plenamente polo xornalismo dixital e as novas linguaxes.

- O padroado da fundación está composto por destacados membros da cultura e da sociedade en Galicia.
- Consolidou unha **comunidade de 350 socios e unha plantilla de 4 xornalistas a tempo completo** máis unha rede de colaboradores remunerados.
- Ten establecido alianzas con publicacións de ámbito estatal como **eldiario.es**, do que é proveedor para a sección Galicia.
- Pechou o seu último balance de contas cun **superávit de 25.000 euros, grazas ás achegas das persoas socias e aos ingresos por publicidade.** Estas cifras son públicas segundo o **compromiso de transparencia** adquirido cos lectores e cos socios.
- Cumpriu os obxectivos da súa primeira etapa facendo información de política, economía, cultura e sociedade en Galicia. Agora quiere crecer creando novos produtos que fagan crecer a súa base de lectores e o seu valor para as marcas, reforzando a súa **aposta polos contidos multimedia adaptados a novos soportes**.
- Neste momento aborda un proceso de **redeseño e expansión**, para abrir unha nova etapa que se presentará en **outono de 2018**, e que inclúe a creación de **VINTE**.

De onde parte?

A impulsora de **VINTE**´é **María Yáñez**, con dúas décadas de experiencia no xornalismo online, na creación de contidos dixitais, na comunicación e marketing audiovisual e na xestión cultural.



Tras varios anos explorando as novas maneiras de consumir e producir contido na rede, regresa ao xornalismo para aplicar en VINTE todo o aprendido e poñelo ao servizo da creación de novos públicos en Galicia.

➔ É coordinadora de actividades do **Carballo Interplay**, festival de webseries e contidos dixitais, e comisaria do **Laboratorio Audiovisual de Innovación e Creación (LAIC)** da Coruña.

➔ Foi coordinadora de **Bravú.net** (2001-2002) e directora do xornal dixital **Vieiros** (2005-2006). Foi columnista nas edicións galegas de **El País** e **20 minutos**. Dirixiu para **TVG** o documental **"Linguas cruzadas"** (2007) e o programa **"O país dos ananos"** (2008). Colabora no programa "A tarde" da **Radio Galega**.

➔ Foi socia fundadora da empresa **A Navalla Suíza** (2008) na que traballou desenvolvendo proxectos de comunicación en internet e contidos transmedia. Gañou un Premio Mestre Mateo á mellor obra interactiva por **Flocos.TV** (2009), e en 2010 foi gañadora do certame **Content 360 no MIPTV de Cannes** na categoría "Next Generation Online Video Experience". Participou na creación de proxectos transmedia como **Amores Prohibidos 2.0** (Chévere) en 2012 ou **Cromosoma Cinco** (RTVE.es) en 2013.

➔ Foi responsable de comunicación nas películas ***Vilamor, Encallados, Los fenómenos*** e ***Os días afogados***. Coordinou a comunicación e desenvolvemento de **Screenly**, unha plataforma de crowdticketing para a distribución baixo demanda en salas de cine, Ten colaborado con festivais de cine como **Curtocircuito, PlayDoc**, **Festival de Cans** ou **ZEMOS98**. Traballou no departamento de desenvolvemento de cine de **Continental Produccіones** entre 2002 e 2005.

➔ É docente no novo **Master en Medios Sociais e Contidos Dixitais** da Universidade de Vigo e no **Curso de Experto en Xestión Cultural da USC**. Tamén deu clase no **Master en Produción e Xestión Audiovisual** (UDC e La Voz de Galicia), no **Master en Nuevos Medios y Periodismo Multimedia** da Universidad de Granada. no **Máster en Industria Musical** da USC, no programa de contidos dixitais da **Universidad Internacional de Andalucía** ou na **ESCAC** de Barcelona.

A QUEN NOS DIRIXIMOS?

Retrato do público obxectivo

O público ao que quere chegar **VINTE** en primeira instancia fórmano homes e mulleres nacidas entre 1973 e 1993. Un perfil de consumo que lles interesa ás marcas e que comparte estes rasgos:

- Viven maioritariamente en **cidades ou vilas**. Tamén pode que estean na emigración.
- **Coñecen e respectan o galego**, aínda que o falen ou non en maior ou menor medida.
- Teñen o Xabarín Club como referente nostálxico, pero **botan de menos contidos modernos en galego**, agora que teñen entre 25 e 45 anos.
- **Non se identifican coa maioría da programación da TVG**, especialmente nos ámbitos urbanos. Mais si recoñecen o star-system principal.
- **Consomen música galega ás veces**, cun amplo abano de gustos que poden ir de Sés a Malandrómeda.
- **Non teñen moita conexión coa comunicación en galego** máis alá da emocional, da gastronómica ou do estilo de vida #galifornia. En parte porque a oferta tamén se limita a iso.
- **Teñen unha cultura visual moi forte**, consome series, fotografía, deseño, vídeo e ilustración, artes que tamén practican e publican nas súas redes. **Non só consomen senón que tamén producen contido.**
- Seguen as tendencias sociais e estéticas a nivel global, mais **teñen claro que o local lles axuda a diferenciarse** e a ter personalidade propia.
- **Están sempre a buscar as novidades**, para ser os primeiros en detectar algo interesante e compartilo nas redes sociais.

Retrato do público obxectivo

O público ao que quere chegar **VINTE** en primeira instancia fórmano homes e mulleres nacidas entre 1973 e 1993. Un perfil de consumo que lles interesa ás marcas e que comparte estes rasgos:

- Gústalles sentir **orgullo das cousas feitas en Galicia**, e presumir dos nosos éxitos.
- Coñecen e comparten **causas sociais** como o feminismo, o movemento LGTB, o ecoloxismo, a vida saudable, con certo grao de conciencia política.
- Viven maioritariamente de xeito **precario**, con grande **inestabilidade laboral,** e con tendencia a querer vivir da súa paixón. Defínense como **clase creativa**.
- **Retrasan a idade de formar familia**, prolongando ao máximo a súa xuventude. Se teñen familia, sitúan a crianza como parte importante do seu estilo de vida e do seu consumo.
- Abandonan a cultura da propiedade para vivir na **cultura da experiencia**. Prefiren gastar os cartos en viaxar, ir a festivais e outros eventos que en posuír cousas.
- Miran ben en que gastan os cartos. Fíxanse no prezo pero tamén buscan **produtos alternativos, auténticos, próximos, artesanais,** para diferenciarse a través do seu consumo. Fíanse das recomendacións dos seus pares.
- **Mercan por internet**. Pode que teñan participado nalgún crowdfunding.
- Cada vez saen menos pola noite, socializan usando as redes e **consomen moito contido cultural na casa**.
- Son os protagonistas da súa propia comunicación. **Viven na cultura do *selfie*.** A maioría de contido que ven nas redes está creado polos seus pares (amigos e influencers).

Outros públicos máis novos

Queremos ter tamén un ollo moi próximo á xeración que vén a continuación, formada por adolescentes e universitarios: a chamada **Xeración Z**. Comparten algunhas características cos anteriores, pero manifestan algúns rasgos particulares:

- A rede social na que máis están é **Instagram.** A penas usan Twitter ou Facebook.
- Teñen moitos **referentes** do mundo da televisión e tamén seguen a **influencers** de Youtube e Instagram.
- Consomen na rede moito **contido de humor e tutoriais**, e a maioría do contido **viral**.
- Tamén moito **contido visual** en forma de **viñetas, memes, gifs, emojis e stickers**.
- Interésalles todo o relacionado coa tecnoloxía, desde **aplicacións de móbiles** ata **videoxogos**.
- **Manéxanse co formato audiovisual**, gústalles facer vídeos co móbil e subilos ás redes.
- O seu referente total neste ano é a **rapazada de Operación Triunfo**.
- Interésanlles os **contidos de crecemento persoal**: o físico, as relacións afectivas, o sexo, e en xeral o tránsito á vida adulta.
- Están moi interesados no **feminismo** e na **diversidade afectiva e sexual.**
- Consomen moitas **series en internet**: *Xogo de Tronos, Stranger Things, Por 13 razóns, Merlí, A casa de papel*...
- Gústanlles os xogos, os tests, os consultorios e os contidos que supoñen **participación e interacción.**
- Interésalles, sobre todo, o **contido producido polos seus pares**: os colegas ou outros rapaces e rapazas coma eles.

O PRODUTO

Estrutura e formato

VINTE non estará estruturada en seccións, senón que irá publicando de maneira **flexible** contidos organizados en torno a distintos **temas e formatos**.

- ➔ **O formato virá marcado polo que pida cada tema a tratar**, tendo en conta tamén a urxencia ou a atemporalidade, e os recursos dispoñibles.
- ➔ A maioría dos contidos de diario serán maioritariamente **textuais**, acompañados sempre de fotografías ou vídeos da rede..
- ➔ Unha vez por semana buscarase que haxa polo menos un ou dous contidos de formato **audiovisual ou visual/interactivo.**

Estratexia multicanal

NA WEB

Mobile-first. Deseño adaptado primeiro para móbiles.

Visual. Gran protagonismo da imaxe, mesmo nos artigos de texto.

Sinxela e de estrutura flexible.

Multimedia. Contido audiovisual e interactivo.

Zona socios que irá ofrecendo contido e servizos extra.

NO CORREO

Newsletter xeral semanal. Con contido da web e contido patrocinado.

Newsletter especial socios. Con contido extra: cartas de autores convidados, pezas inéditas, descontos en compras, eventos especiais.

NAS REDES

Contido audiovisual nativo en Instagram, IG TV e Facebook.

Directos en Instagram e Facebook Live.

Contido promocional en Stories, Instagram e Facebook.

Posts patrocionados para o contido con máis potencial.

Difusión e redifusión das historias con fíos en Twitter.

Creación experimental en Instagram e Twitter.

Takeovers de convidados nas redes.

Podcasts en Ivoox / iTunes / Spotify

Videoblogs en Youtube.

Contidos

TEMAS

Cultura pop-ular e tendencias

Sociedade: historias de interese humano sobre persoas e lugares.

Artes: música, cine, literatura, teatro, cómic, artes visuais, videoxogos.

Estilos: lecer, moda, gastrononomía, viaxes, compras, benestar.

Cousas da vida: educación, afectos, familias, crianza, diñeiro.

Viaxes grandes e pequenas.

Deportes para quen non segue os deportes.

Ciencia, natureza e **historia.**

Futuro, tecnoloxía, sustentabilidade.

Humor, viralidade, creatividade visual.

Creación: relatos curtos, poesía multimedia. Ficción e factual.

FORMATOS

Fotorreportaxes interactivas.

Reportaxes e entrevistas escritas.

Reportaxes e entrevistas en vídeo.

Comentarios de actualidade.

Historias en primeira persoa.

Crónicas e recensións.

Contidos seriados.

Videoblogs.

Listas e playlists

Consultorios e titoriais.

Creación visual.

Exemplos de contido posible

TEMAS DE PORTADA

Outsiders Division. David Méndez Alonso, o "rapaz sensible" que arrasa coa súa colorida liña de roupa.

Basanta / Sangre de muérdago. O dark-folk galego conquista o público internacional.

Iván Marcos e Melania Cruz, as caras do ano no audiovisual.

Brays Efe. A infancia galega de Paquita Salas (proximamente en Netflix)

Os novos 30? Reportaxe entrevistando a distintas mulleres da cultura, da política, do deporte, etc que cumpren 40 este ano.

Catro novos mariñeiros. Coñecemos a 4 menores de 25 anos que traballan no mar en distintos lugares de Galicia.

As Brigantias, equipo de rapazas impulsoras do Roller Derby na Coruña.

Tolos pola dobraxe. Falamos coa comunidade que traduce "Ricky e Morty" ao galego, e outros dobradores das redes.

REPORTAXES MULTIMEDIA

As caras do Ensino. Retratos e perfil humano das xogadoras do equipo de baloncesto de Lugo que acaba de subir a primeira división.

O serán do século XXI. Retratos de parellas de baile tradicional galego e a que se dedican no seu día a día.

Vinte mil. Serie documental na que distintos escritores e fotógrafos percorren vilas de Galicia de ata 20 mil habitantes. Retrato humano e socioeconómico de como se vive nas vilas nos anos 20. Na estela das series de Ruth Matilda Anderson, ou Francesc Catalá-Roca.

25 anos do Bar Tolo. Un percorrido pola memoria do epicentro da escena punk de Santiago DC. (VIDEO)

Orquestra revolucionaria galega. Coñecemos esta nova orquestra formada en Sarria por máis de 20 zanfonistas.

Exemplos de contido posible

FORMATOS VÍDEO

De estrea. Entrevista desenfadada a distintos creadores que anden a presentar disco/peli/libro/espectáculo.

Vinte preguntas. Os lectores envían preguntas indiscretas para un convidado/a que as contestará en vídeo.

Artistas no seu estudio. Entrevista a diversos artistas visuais novos no seu espazo de traballo.

Café con… Entrevista a un convidado nunha cafetaría emblemática, ou na súa casa. Preferentemente almorzo.

Microciencia. Pílulas audiovisuais con curiosidades sobre ciencia.

Gamers ocultos. Persoas do mundo da cultura, deporte, etc comentan o seu videoxogo favorito.

Consultorio: Dúas rapazas millennials contestan as dúbidas de tipo afectivo e persoal dos usuarios.

FORMATOS WEB

Re-comenta. Os lectores envían unha recomendación-comentario dun espectáculo, filme, exposición, disco, libro, etc.

A playlist de… un convidado elixe 12 cancións ou vídeos que formen parte da súa vida.

A curta do mes. Eliximos unha peza audiovisual de estrea que se poderá ver só durante un mes, e aproveitamos para entrevistar o autor/a, publicar unha recensión, etc…

Crónicas de eventos. Contra a inercia dos medios de publicar só as previas que mandan os gabinetes de comunicación, apostamos por ir aos sitios e contalo en primeira persoa.

Artigos de análise cultural e social, desde puntos de vista orixinais e innovadores.

Reviews e críticas de lanzamentos culturais.

Modelo económico

O obxectivo de **VINTE** é ser sustentable e poder crecer producindo cada vez máis contidos de calidade, remunerando dignamente a xornalistas e creadores visuais.

Para isto o modelo económico é mixto:

SUSCRICIÓN. Crearase unha rede de socios, paralela ao modelo de Praza, que poidan soster de maneira estable a estrutura mínima para a cordinación da publicación.

PUBLICIDADE. A revista aspira a integrarse nos plans de medios de campañas publicitarias, tanto do sector público como do sector privado, ofrecendo a través de banners, prerolls de vídeo e outros formatos a chegada de anunciantes ao público específico do noso target.

PATROCINIO. Dúas modalidades:

- **Patrocinio xeral ao medio**, explicitado na web, mediante acordos de colaboración xerais e renovables de xeito periódico, que poderán ir acompañados de vantaxes publicitarias.
- **Contido patrocinado.** Creación de formatos únicos cuxa produción se financie coa colaboración dunha entidade concreta. A marca está detrás e figura como sponsor pero non é un formato publicitario, senón creado ou comisariado por **VINTE**.

ALGÚNS REFERENTES



NOWNESS



The Lily







YOROKOBU
TAKE A WALK ON THE SLOW SIDE

CAFÉBABEL







UNIVERSO VINTE

Universo VINTE

Os rostros da creación nova en Galicia: actores, músicas, poetas, deseñadores, dramaturgas, xornalistas, modelos, creadoras de webseries…






















Universo VINTE

Influencers, DJs, futbolistas, ilustradores, cineastas, chefs, humoristas, graffiteiras...



Universo VINTE


Bandas de pop, chefs, bloggers, atletas, pintoras, cultura urbana...












Universo VINTE

Persoas anónimas con novos estilos de vida: skaters, afrogalegas, bailadores, novos pais e nais, xente que sae pola noite, xente que gusta da praia, do rural, da cultura contemporánea e de vivir en Galicia.



VENTE
VINDO

María Yáñez & **Praza Pública**, verán 2018.



ANEXO-02

Deseño e desenvolvemento da marca

Vinte
Proposta de marca

NUMAX

Outubro de 2018

Vinte

O reto de Vinte é crear baixo o paraugas de praza.gal
unha revista de sociedade, cultura e tendencias con identidade propia
enfocada aos contidos multimedia e dirixida a un target ben definido,
formado por persoas nadas entre 1973 e 1993 sen deixar de ollar
para as xeracións posteriores.

Despois dunha achega que seguía moito o estilo marcado
no redeseño de praza, que rebaixaba a idade do target especulando
coa súa dimensión máis aspiracional e que descartaba parte
da polisemia do nome "vinte", presentamos esta segunda proposta:

Unha carta de axuste

Vinte é unha publicación dixital con protagonismo da imaxe.



Un patchwork

Vinte é unha publicación
con moitas voces.



O futuro

Vinte é a publicación da Galicia que vén, do futuro. Como imos escribir no furuto?



O futuro

Vinte é a publicación da Galicia que vén, do futuro. Como imos escribir no furuto?

Xogando coas ideas de enriba, tentamos traducir as letras en símbolos.



O futuro

Vinte é a publicación da Galicia que vén, do futuro. Como imos escribir no furuto?

Coas ideas de enriba, tentamos traducir as letras en símbolos.

Esta é a base para o logo de Vinte, aínda que nunca o imos empregar neste formato

vinte




vinte


vinte


vinte











#9999CC



#FFF6633



#66ADCC



#333333

Pode ser que os anos vinte non prometan moita festa, pero somos optimistas. E tamén ecoloxistas. E feministas. Por iso escollemos estas cores.

Propoñemos iconas grandes, duras e sempre en cores para identificar contidos e reforzar a identidade co mundo dixital.



DEPORTE

Brigantias son un equipo de rapazas impulsoras do Roller Derby na Coruña


María Yáñez @mariayanez
Xoves 7, Xuño 2018





Cisus non scelerisque © Lorem ipsum

Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus, ullamcorper a leo. Etiam viverra urna tellus, a imperdiet magna tincidunt vitae. Ut massa lectus, porttitor vel sollicitudin id



DEPORTE

Vampires The Romantic Ideology Behind Them

María Yáñez
Xoves 7, Xuño 2018

Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus, ullamcorper a leo.



Isto ten moito

Tipografía

Silka é a tipografía que distingue Vinte. Empregámola no logo, en destacados e tamén nalgúns titulares

Compleméntase con PT Serif para titulación e con Open Sans para corpo de texto (ambas empregadas tamén en Praza)

vinte

Faite socia

DEPORTE

Brigantias son un equipo de rapazas impulsoras do Roller Derby na Coruña

María Yáñez @mariayanez
Xoves 7, Xuño 2018





Este é un contido patrocinado por **Afundación**

Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus,

vinte

Faite socia

DEPORTE

Brigantias son un equipo de rapazas impulsoras do Roller Derby na Coruña

María Yáñez @mariayanez
Xoves 7, Xuño 2018



Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus, ullamcorper a leo. Etiam viverra urna tellus,

vinte

Faite socia

DEPORTE

Vampires The Romantic Ideology Behind Them

María Yáñez
Xoves 7, Xuño 2018



Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim

vinte

Accede   Faite socia

DEPORTE

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elitn vulputate tellus sed





María Yáñez @mariayanez
Xoves 7, Xuño 2018



Cisus non scelerisque © Lorem ipsum

DEPORTE

Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elitn vulputate tellus sed

María Yáñez @mariayanez
Xoves 7, Xuño 2018

Este é un contido patrocinado por **Afundación**







Cisus non scelerisque © Lorem ipsum




Lluctus ante sodales. Suspendisse nec urna mauris. Vestibulum ante ipsum primis in faucibus orci luctus et ultrices posuere cubilia Curae; Ut scelerisque

vinte

Accede

Faite socia



DEPORTE

Vampires The Romantic Ideology Behind Them

Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus, ullamcorper a leo. Etiam viverra urna



María Yáñez

Most people feel they have some basic flaws with their appearance, and the truth is that the stars are no exception. Beauties like Angelina




DEPORTE

Vampires The Romantic Ideology Behind Them

María Yáñez

Xoves 7, Xuño 2018

Vivamus dapibus nunc ex, at condimentum sapien ornare et. Pellentesque viverra faucibus mi nec faucibus. Cras turpis magna, dignissim et ullamcorper luctus, ullamcorper a leo. Etiam viverra urna tellus, a imperdiet magna tincidunt vitae. Ut massa lectus, porttitor vel sollicitudin id, ornare in orci. Vivamus purus erat, ullamcorper id risus at, rhoncus mollis neque. Ut eget lacus vel sapien dictum rhoncus. Nulla et semper nibh.








01 **A actividade dos comités**


Alén do Comité Central da Autonomía, a fixación da data do referendo multiplicou a creación e actividade política dos comités



Gráfica para contidos
Carátula en redes sociais.

Esteban
&Manuel
os anos vinte
báilanse
con cumbia





Gráfica para contidos
Exemplo de aplicación
en grafismos para vídeo



Gráfica para contidos

Exemplo de aplicación
en grafismos para vídeo


vinte



ANEXO-03
Resumo do plan de marketing e comunicación

VINTE 2018. Plan de marketing e comunicación

A. CREACIÓN DA MARCA E DESEÑO WEB

1. Elaboración de briefing.
2. Creación da marca: branding, deseño e aplicacións.
3. Creación da web.

B. LANZAMENTO

1. Presentacións offline

- Deseño e impresión de materiais promocionais (roll-up, autocolantes, flyers e cupóns de desconto para as primeiras persoas socias)
- Actos de presentación en Compostela, A Coruña e Marid.
- Stand no Culturgal. 3 días + 2 actos de presentación xunto con Praza.gal.

2. Presentacións online.

- Produción de spot promocional
- Preparación de perfís en Facebook, Instagram e Twitter.
- Apertura das redes o 29 de novembro, co lanzamento do vídeo promocional.
- Compra de publicidade en Facebook para promocionar o vídeo e a páxina.
- Xestión da conversa en redes para dar conta dos eventos promocionais e interactuar cos seguidores.
- Presenza en medios.

C. PROMOCIÓN CONTIDOS

- Lanzamento web cos contidos iniciais o 11 de decembro.
- Publicación dun contido novo cada día (como termo medio)
- Publicación de cada contido en Facebook, Twitter e Instagram.
- Compra de publicidade en Facebook para promocionar algúns dos contidos máis relevantes.



ANEXO-04

Contidos piloto publicados en Praza.gal

Entrevista a Rosa Moledo, lingüísta da serie ‘Fariña’

https://praza.gal/cultura/puxose-mais-esforzo-en-coidar-a-lingua-de-lfarinar-do-que-se-ve-en-moitos-produtos-actuais-da-tvg



Cultura

"Púxose máis esforzo en coidar a lingua de ‘Fariña’ do que se ve en moitos produtos actuais da TVG"

María Yáñez @myanllo

luns 2, abril 2018



Rosa Moledo revisando o guión de Fariña no set co director, Carlos Sedes, e co actor Tristán Ulloa © Jaime Olmedo / BAMBÚ

A serie que levou á ficción a historia do narcotráfico en Galicia está en boca de todo o mundo por moitos motivos, entre eles que retrata un tema aínda de actualidade que non para de xerar titulares. Desde a enésima detención de Sito Miñanco ata o secuestro do libro ‘Fariña’ de Nacho Carretero do que parte a serie homónima, ou os exabruptos e ameazas de Laureano Oubiña, parece que todos os afectados se puxeron de acordo para darlle publicidade á serie. Pero tamén se fala dela por méritos propios: do excelente traballo dos actores -case todos galegos, coma o resto do equipo-, da coidada ambientación e tamén da lingua. **‘Fariña’ leva por primeira vez a unha televisión estatal a maneira de falar dos galegos nos anos 80 e 90, se daquela fixesen todos o intento por falar castelán que agora esixe o *prime-time* de Antena 3. O castelán de Fariña ten entoación galega, sintaxe galega, algún vocabulario de aquí... e á maioría da xente sóalle crible e auténtico.**

Unha das responsables disto é Rosa Moledo, a asesora lingüística de ‘Fariña’, que leva traballando máis de dúas décadas como tradutora e lingüista no noso audiovisual, e que estivo durante a rodaxe da serie pegada aos actores e ao equipo de dirección e guión para lograr que os personaxes falasen como os galegos reais que eran. Recibía así a encarga do director Carlos Sedes, que tiña moi claro desde o principio que a serie debía soar a galego, e decidiu chamar a Moledo, quen no seu día xa traballara no asesoramento de ‘Mareas Vivas’.

Cal foi o principal reto á hora de enfocar o tratamento lingüístico de ‘Fariña’?

Unha das cousas fundamentais que eu tiña clara desde o principio era que non se fixese parodia. Ninguén a quería facer, por suposto, pero é moi fácil caer nela. Entón andabamos con coidado, evitando sobrecargar ou dicir certas cousas. Había que manter un punto de equilibrio que aos actores tamén lles custaba, porque eles, cando traballan en Madrid, están afeitos a todo o contrario, a ter que "neutralizar" o acento. Ao principio era ler o guión en castelán e a algúns saíalles de maneira automática o acento ou a entoación castelá, aínda que estivesen falando comigo 5 minutos antes en galego. Eu tíñaos que corrixir. Dicíanme: "ti mándasnos facer o contrario do que nos corrixen normalmente". En xeral para todos foi un reto importante, porque era un proxecto moi diferente e innovador.

Como foi o proceso previo? E o día a día na rodaxe?

"Ao principio aos actores custáballes falar en castelán con acento galego, porque estaban demasiado afeitos a ter que "neutralizalo" cando traballan en Madrid"

A min pasábanme todos os guións. Cando recibín o primeiro fixen unha análise moi exhaustiva, envieino corrixido de volta e falei durante horas cun guionista por teléfono para comentar cada expresión. El non era galego, pero quería que llo explicase todo: por que había que cambiar pronomes de sitio, como facemos as perífrases en galego, como construír as frases, de que maneira sería máis adecuado dicir as cousas... Ese proceso co primeiro guión foi moi longo, aí andamos moito camiño e nos seguintes xa fomos máis rápidos. Non se trataba simplemente de non poñer tempos compostos, hai moita máis música que está aí polo medio, en cousas que a primeira vista non se notan, coma as perífrases: eu cambiaba todos os pronomes de sitio, porque en galego normalmente están mais achegados ao primeiro verbo. Un exemplo: se no guión viña escrito "*voy a decírtelo*", eu sempre corrixía por "*te lo voy a decir*". Ou "*hay que hacerlo*" por "*lo hay que hacer*". Todas esas cousas íanse cambiando. A partir de aí creei un informe, unha especie de manual, que se lles pasaba a todos os actores e actrices que había na serie, mesmo aos que só participaban cunha frase. Todos eles me viñan preguntar, polo acento, pola entoación... estaban moi preocupados por facelo ben sen caer na caricatura.

Viches tamén gravacións dos personaxes orixinais para preparar a lingua?

Si, penso que o fixemos todos. Cando empezabamos a ensaiar para a serie acababa de saír Laureano Oubiña do cárcere, e escoitei unha entrevista que lle fixeran na que que conservaba moitos trazos lingüísticos propios a pesar de el ter pasado tanto tempo no cárcere fóra de Galicia. Tiña maneiras de falar que só dicimos os galegos, como "*es que si eso fuese así, yo no estaba aquí*". Ese uso do imperfecto como condicional era escoitalo e dicir: pois é verdade, nós dicimos así. Si que collía deles moitas ideas para reescribir as frases do guión. No caso de Oubiña, xa case nos daba o traballo feito.

Como se preparan os matices lingüísticos de cada personaxe? En que se diferencian a lingua de Miñanco, a do sarxento Castro ou a de Terito?

"Colliamos moitas frases das personaxes reais para traballar a lingua de 'Fariña". No caso de Laureano Oubiña, xa case nos daba o traballo feito"

Os rexistros xa viñan marcados desde o guión. Despois, como pasa en todos os proxectos, o actor vaise facendo coa personaxe, ou a personaxe co actor, e iso tamén inclúe a lingua. De todos os xeitos o que máis marcaba a maneira de falar era época, que era común a todos. O relato da serie empeza no 80, parece que non pero hai moito tempo diso. Entón moitas frases que había eu cambiábaas, dicíalles aos actores: non penses en como

Unha ducia de cancións para o verán de 2018

https://praza.gal/ducias/cancions-para-o-veran-de-2018

praza | O 17 de abril de 2014 falecía Gabriel García Márquez | Accede | Faite socia

Precampaña local | Pola sanidade pública | #DefendeAGalega | Os outros custos do AVE | Máis

María Yáñez

Unha ducia de **cancións para o verán de 2018**

Como os de Páramo Pictures este ano non sacaron aínda a súa versión do tema do verán, pode parecer que estamos un pouco orfos de ghits para bailar na sesión vermú ou para escoitar de camiño á praia. Nada máis lonxe da realidade: temos máis cancións ca nunca de estilos que van desde o trap ata o funky ou o rock, con ritmos tropicais ou africanos, e cantadas en galego, castelán, italiano, arousán ou con letras da mesmísima Rosalía de Castro. Velaí vai a nosa *playlist* para triunfar en todas as festas.

01 Novedades Carminha - Verbena

O grupo de composteláns vai avanzando os temas do seu próximo traballo e para estrear o mes de xullo sacou "Verbena", unha peza con vocación de ghit de verán, que mestura aires funkies cunha letra inspirada nas cancións de música latina que escoitamos en festas e sesións vermú de todo o país. O videoclip gravouse en Lanzarote dirixido por Natalia Ferviu.

Novedades Carminha - Verbena | Watch later | Share | vevo

02 Esteban & Manuel - Hombres del siglo XXI

Outros de Santiago, Esteban y Manuel, foron a gran revelación do último ano coas súas cumbias pasadas polo *autotune*. No seu disco "La banda sonora de tu día a día" atópase este tema co que é imposible non mover as cadeiras, como se apreza no videoclip, que combina imaxes dun dos seus concertos cos propios Esteban y Manuel a bordo dun barco, compensando a suor da sala de baile co fresco do Atlántico.

Esteban & Manuel == Hombres del S XXI | Watch later | Share

03 Arousa Vice - Cambados Cara B

Saltamos dun barco a unha planadora para navegar pola ría da Arousa ao ritmo deste temazo de trap, auténtico *ghit* na comarca. Arousa Vice é como se fan chamar os intérpretes, que queren deixan claro ao comezo do vídeo que se trata dunha sátira, supoñemos que buscando que non lles pase o mesmo que ao libro "Fariña" dada a cantidade de nomes propios, a maioría alcumes, que aparecen na letra. Se alguén botaba de menos un relato actual do narcotráfico na Arousa contado por xente da zona, aquí o teñen. Welcome to Cambados cara B.

Arousa Vice | Cambados Cara B (Videoclip Oficial) | Watch later | Share | AROUSA VICE

04 Boyanka Kostova - Leiraz

Máis trap? Si, máis trap, que para algo estamos en 2018. Boyanka Kostova son os pioneiros deste xénero musical en galego, e veñen de sacar o videoclip de "Leiraz", un dos temas do seu EP "Vella canción galega". Claro que en galego se pode cantar de cousas que non teñan que ver cos narcos ou co agro, pero esta non é a canción que veña a demostralo. O contrario: en "Leiraz", os de Santiago buscan darlle a unha explotación gandeira a estética de calquera vídeo trapeiro, cos seus planos en movemento tan característicos e unha pose de "sad boys" que lle queda ao noso rural incriblemente ben.

BOYANKA KOSTOVA LEIRAZ | Watch later | Share

'Santoalla', o documental que conta en clave de thriller o homicidio de Martin Venfondern

https://praza.gal/cultura/lsantoallar-o-documental-que-conta-en-clave-de-lthrillerr-o-homicidio-de-martin-venfondern

praza | O 17 de abril de 2014 falecía Gabriel García Márquez | Accede | Faite socia

Precampaña local | Pola sanidade pública | #DefendeAGalega | Os outros custos do AVE | Máis



Cultura

'Santoalla', o documental que conta en clave de 'thriller' o homicidio de Martin Venfondern

María Yáñez @myanllo

martes 10, xullo 2018



Martin Venfondern Dominio Público 'Santoalla'

O pasado 6 de xullo quedou sentenciado o xuízo polo crime de Santoalla, tamén coñecido como o caso "do holandés de Petín". **Juan Carlos Rodríguez foi condenado a dez anos de prisión polo homicidio de Martin Venfondern en 2010**, despois de que un xurado popular o declarase culpable desta morte, fatal desenlace de anos de desencontro entre a única familia que habitaba a aldea de Santoalla e a parella de holandeses que elixiron iniciar alí un proxecto de vida neorrural. Outros dous estranxeiros, os cineastas neoiorquinos Andrew Becker e Daniel Mehrer son os autores dun documental que narra o sucedido case en tempo real, mentres nos ofrece unha ollada nada compracente á idiosincrasia do rural galego.

Non é a primeira vez que Santoalla, en Petín de Valdeorras, aparece no cine. Foi nada menos que a aldea escollida por Chano Piñeiro para rodar *Sempre Xonxa* no ano 1989. Contan que Jovita González, a veciña que se converteu en escura personaxe protagonista de Santoalla, cociñaba o xantar para o equipo de rodaxe da película de Piñeiro. Vinte e cinco anos despois, ponse diante das cámaras do documental para amosarnos a aldea na que quedaron sós ela, o seu home Manolo e o seu fillo Juan Carlos, xunto co fillo máis vello, Julio, que os vén axudar nos traballos agrícolas. Jovita ten as chaves da ermida de Santa Olalla e é a encargada de mantela limpa e de poñerlle velas á santa.

A vida de Jovita e da súa familia imitábase á de moitas outras que van ficando soas a medida que o resto de veciños abandona as aldeas para ir vivir ás cidades. Todo o que quedaba en Santoalla estaba na práctica para eles. **Ata que unha parella de holandeses chegou un verán e decidiu mercar unha das casas** que caía a cachos para vivir alí, lonxe da vida complexa das cidades, criando animais e practicando agricultura ecolóxica. Querían darlle a aquel paraíso unha nova vida, traballando coas súas propias mans, tratando de recuperar as terras para que outras persoas no futuro puidesen ver naquela zona un lugar desexable para vivir de maneira tranquila e sinxela, aproveitando o potencial económico dos recursos que lles daba a natureza. Os veciños da outra casa nunca o chegaron a entender. E non tardaron en aparecer os problemas.

'Santoalla' narra a historia de como a parella holandesa decidiu quedar e como a realidade se foi torcendo ata a desaparición do home, da que os principais sospeitosos eran os veciños cos que ela aínda tivo que convivir uns anos

Santoalla, o documental, narra esta historia a partir do testemuño de Margo Pool, a viúva de Venfondern, que no momento no que se inicia a rodaxe, 2012, aínda estaba desparecido. Ela conta como se coñeceron cando eran dous hippies activistas dunha cidade perto de Amsterdam. Como casaron e decidiron viaxar por toda Europa, ata atopar un lugar que lles fixese dicir "este é o noso sitio". Como empezaron a traballar para acondicionar minimamente a casa e as terras que viñan con ela. **E como a realidade se foi torcendo ata a desaparición do seu home**, da que os principais sospeitosos eran os veciños cos que ela aínda tería que convivir uns anos.

De Brooklyn a Valdeorras



Jovita González, veciña de Santoalla e nai do condeado por homicidio / © Santoalla

Como acaban dous realizadores de Brooklyn contando esta historia? Pois tamén de casualidade. **O irmán de Daniel, Paul Mehrer, chegara para traballar de voluntario na granxa de Margo e Martin xusto ao día seguinte de que el desaparecera**, e estivo coidando do rabaño nos primeiros días da busca. Regresou a Nova York impactado coa historia e alí escribiu un guión de ficción. "Cando viñeron gravar por vez primeira a idea era respaldar ese guión. Atoparon que a historia real era suficientemente potente e decidiron facer unha longa documental", relata Cristina de la Torre, realizadora audiovisual veciña de Valdeorras, a quen contactaron os cineastas porque precisaban unha tradutora, e que se acabou convertendo nunha peza clave na produción da película. Agora é a encargada de distribuíla en Galicia, alá onde se queira proxectar.

Mulleres na industria musical. A forza que sae de ter que demostrar o dobre.

https://praza.gal/cultura/mulleres-na-industria-musical-a-forza-que-sae-de-ter-que-demostrar-o-dobre

praza | O 17 de abril de 2014 falecía Gabriel García Márquez | Accede | Faite socia

Precampaña local | Pola sanidade pública | #DefendeAGalega | Os outros custos do AVE | Máis

Cultura

Mulleres na industria musical: A forza que sae de ter que demostrar o dobre

María Yáñez @myanllo

domingo 20, maio 2018

Teresa Cuiñas e María Xosé Silvar, 'Ses' CC-BY-SA Praza Pública

Nun panorama tan dividido polo culto ao estilo ou o xénero musical, chamaba a atención ver no mesmo cartel a artistas tan distintas como a cantautora Sés, a baterista de jazz Naima Acuña, a Mar Catarina (Esposa) ou a DJ Cora Novoa. O que as xuntou o pasado sábado no Teatro Colón da Coruña é o que teñen en común: son mulleres galegas traballando na música, un mundo dominado polo patriarcado, tanto coma outros ou máis. **Para conversar e compartir experiencias estiveron na xornada *Mulleres e Música*** que organizou a Deputación da Coruña dentro do programa *A cultura é un dereito*. O que se acabou partillando, ademais de boa música, foron ideas e tamén emocións: medos, frustracións e inseguridades que talvez non se verbalizarían nun evento protagonizado por homes, pero tamén moita forza: se as mulleres teñen que traballar o dobre para demostrar que valen, pois mans á obra. Ese dobre esforzo acaba supoñendo un empoderamento que xa non ten volta atrás. E alí o contaron todas estas profesionais.

Se as mulleres teñen que traballar o dobre para demostrar que valen, pois mans á obra. Ese dobre esforzo acaba supoñendo un empoderamento que xa non ten volta atrás

A xornada abriuse pola maña cunha mesa redonda moderada pola xornalista **Diana López Varela**, na que participaron a música **Guadi Galego**, a historiadora **Lorena López Cobas** (autora da *Historia da Música en Galicia* que publicou Ouvirmos no ano 2013) e **Julio Gómez**, director do festival Sinsal. Abordaron deste distintas perspectivas a desigualdade e o machismo ao longo da historia da música, na que moi poucas mulleres conseguiron facer da súa actividade musical algo que transcendese a esfera pública, mais alá do ámbito doméstico ao que parecía estar reservada. Hildegarda von Bingen no século XII, Barbara Strozzi no Barroco do século XVII, ou Fanny Mendelssohn, compositora e pianista eclipsada polo éxito do seu irmán Félix, a quen se dicía que lle compuña as obras asinando cun só F., que todo o mundo lle atribuía a el.

Guadi Galego comezou na música tomo instrumentista: tocaba a gaita e o piano, porén, en canto a chamaron para formar parte de **Berrogüetto** "tiña que cantar, non se concibía ter unha muller nun grupo que non cantase. E tiven que aprender a facelo porque non tiña nin idea". Así contaba a súa entrada con vinte e poucos anos nunha banda "que non só era de homes, é que eran o *dream team* da música folk" e da que marchou ao cabo dunha década, en 2008, cando "aprendín a cantar e decateime de que quería usar a voz para dicir o que eu sentía". Hoxe lidera a súa propia banda con catro músicos máis, "todos homes e todos feministas", cos que leva xa tres discos longos e vén de publicar un novo EP, *Bóla de Cristal*. O pasado 17 de maio puidémolos ver actuar canda Pablo Novoa no programa *Late Motiv*, de Buenafuente.

O **Festival Sinsal Son Estrella Galicia**, que se celebra na Illa de San Simón desde hai sete anos, é dos poucos que tratan de cumprir na súa programación criterio de igualdade e de diversidade, unha presenza de mulleres bastante por riba da media no sector. No ámbito estatal, os principais festivais de música non chegan ao 12% de presenza feminina nos seus carteis, mentres que en Galicia esta cifra sobre a penas ao 14%, segundo datos recentes. Para Julio Gómez, codirector do Sinsal, a chave está en facer festivais de concepto, cun comisariado musical no que se se busca a diversidade e se se sae das limitacións da ollada eurocentrista, atopas moitas manifestacións musicais lideradas por mulleres, que de forma natural encaixan na programación. O problema é que "a maioría dos festivais de música están atados a determinados xéneros, como o rock, que son predominantemente masculinos, e que a moitas mulleres directamente non lles interesa facer". Con todo, en xeral nos festivais de música a rock e *indie* a asistencia de mulleres adoita ser de máis do 50%. Como público, estamos aí.

Mesa redonda con Guadi Galego, Lorena López Cobas, Julio Gómez e Diana López Varela CC-BY-SA Praza Pública



ANEXO-05
Contidos producidos ao abeiro da convocatoria

CONTIDOS EN VÍDEO

Vinte en Carballo con Chicharrón

https://vinte.praza.gal/video/vinte-en-carballo-con-chicharron

vinte

Accede

Faite socia

05:20

LUGARES

Vinte en Carballo con Chicharrón

Pasamos un día na capital de Bergantiños cuns veciños ilustres: o grupo Chicharrón, que vén de lanzar o seu terceiro LP: *Cancións Clínicas*.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal

Créditos | Legal

Con subvención de

Coa colaboración de

Fundación praza pública

Deputación DA CORUÑA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Vinte xogando. Con Nuno de Oh! Ayatollah

https://vinte.praza.gal/video/vinte-xogando-con-nuno-de-oh-ayatollah

vinte

Accede Faite socia

02:28

VIDEOXOGOS

Vinte xogando. Con Nuno de Oh Ayatollah!

Nuno Pico, vocalista de Oh Ayatollah! ten un vicio ata agora oculto: xogar ao Fallout New Vegas no seu piso de estudante en Compostela. Neste vídeo cóntanos os segredos deste xogo.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de Deputación da Coruña

Coa colaboración de Concello de Pontevedra

Carolina Iglesias ten un libro (e unha mensaxe para Gayoso)

https://vinte.praza.gal/video/carolina-iglesias-ten-un-libro-%28e-unha-mensaxe-para-gayoso%29

vinte

Accede | Faite socia

02:42

LITERATURA

Carolina Iglesias ten un libro (e unha mensaxe para Gayoso)

A *youtuber*, guionista e colaboradora de televisión tamén coñecida como 'Percebes y grelos' presentou na Coruña un poemario de desamor e humor: "El amor, qué movida". Nesta entrevista contounos cales son os seus referentes e o seu soño profesional: presentar as badaladas canda Xosé Ramón Gayoso.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Con subvención de | Coa colaboración de

Fundación praza pública | Deputación DA CORUÑA | CONCELLO DE PONTEVEDRA

Vinte de Estrea: Trote

https://vinte.praza.gal/video/vinte-de-estrea-trote

vinte

Accede | Faite socia

CINEMA

Vinte de Estrea: Trote

Chega aos cines Trote, a primeira longametraxe de Xacio Baño. El e María Vázquez, a actriz protagonista, falan con VINTE desta historia ambientada en torno á rapa das bestas, sobre os silencios, os coidados, a familia e a tensión entre o humano e o animal.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública | Con subvención de Deputación da Coruña | Coa colaboración de Concello de Pontevedra

Ti fai o que eu che diga. Video promocional

https://vinte.praza.gal/video/ti-fai-o-que-eu-che-diga

vinte

Accede | Faite socia

CONSULTORIO

Ti fai o que eu che diga

Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado abren este consultorio en VINTE para darlles resposta aos vosos desacougos. Fai as túas preguntas en vinte@praza.gal ou en twitter co hashtag #ConsultorioVinte

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de Deputación da Coruña

Coa colaboración de Concello de Pontevedra

Ti fai o que eu che diga. Consultorio #1

https://vinte.praza.gal/video/ti-fai-o-que-eu-che-diga-1

vinte

Accede | Faite socia

ti fai o que eu che diga

Ti fai o que eu che diga #1

Amor, veganismo, gasoil, Heredeiros da Crus, políticos galegos, maternidade, Zara... son algúns dos temas aos que responden Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado na primeira entrega do seu consultorio "Ti fai o que eu che diga". As nosas tres conselleiras están dispostas a contestar calquera pregunta que lles fagas. Se queres enviar as túas preguntas escribe a vinte@praza.gal poñendo no asunto "Consultorio".

Ficha técnica
VINTE

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de Deputación da Coruña

Coa colaboración de Concello de Pontevedra

Ti fai o que eu che diga. Consultorio #2

https://vinte.praza.gal/video/ti-fai-o-que-eu-che-diga-2

vinte

Accede | Faite socia

15:47

CONSULTORIO

Ti fai o que eu che diga #2

Nesta nova entrega do consultorio as nosas conselleiras contesta as vosas preguntas sobre poesía, calceta, a palabra 'xonqui', o Maycar, Sabela Ramil, o poliamor, Abel Caballero, a imposición do galego e doutra cuestións de índole sexual, sentimental e práctica para a vida. Lembra que podes enviar as túas preguntas a vinte@praza.gal indicando no asunto "Consultorio", ou en Twitter co hashtag #ConsultorioVINTE

Ficha técnica
VINTE

En entregas anteriores

ti fai o que eu che diga

Ti fai o que eu che diga #1

Amor, veganismo, gasoil, Heredeiros da Crus, políticos galegos, maternidade, Zara... son algúns dos temas aos que responden Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado na primeira entrega do seu consultorio "Ti fai o que eu che diga".

CONSULTORIO

Ti fai o que eu che diga

Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado abren este consultorio en VINTE para para darlles resposta aos vosos desacougos.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Con subvención de | Coa colaboración de

Fundación praza pública | Deputación DA CORUÑA | CONCELLO DE PONTEVEDRA

Vinte en Bexo con Lois

https://vinte.praza.gal/video/vinte-en-bexo-con-lois

vinte

Accede
Faite socia

04:57

MÚSICA

Vinte en Bexo con Lois

Lois Brea leva desde os 18 anos vivindo en Madrid, onde montou con outros galegos o grupo Trajano! e mais o proxecto en solitario que presenta agora, Lois. Pero el reivindica que "veño de Bexo e de Valgha" e fálanos na súa casa familiar. Tamén nos canta un dos seus novos temas na capela de San Mauro.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de
Deputación DA CORUÑA

Coa colaboración de
CONCELLO DE PONTEVEDRA

O xurado novo fala da súa experiencia no festival Novos Cinemas de Pontevedra

https://vinte.praza.gal/video/o-xurado-novo-fala-da-sua-experiencia-no-novos-cinemas-de-pontevedra

vinte

Accede | Faite socia

NOVOS CINE—MAS.

vinte

04:33


CINEMA

O Xurado Novo fala da súa experiencia no Novos Cinemas de Pontevedra

O Xurado Novo do Festival Novos Cinemas de Pontevedra estivo formado por estudantes do Campus de Pontevedra, e entregaron o Premio do Xurado Novo á Mellor Dirección. Ricardo Araújo, Noemi Parga e Pedro Ferrari, falaron para VINTE da súa experiencia e das películas gañadoras.

Ficha técnica
Cristina Yáñez, Andrea Alonso, Elena Fontoira (alumnas da FCSC de Pontevedra) e Cibrán Tenreiro.

Relacionado



CINEMA

Nove pelis (e máis cousas) que non podes perder en Novos Cinemas

Hoxe empeza en Pontevedra a terceira edición de Novos Cinemas. Estas son as nosas recomendacións.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública | Con subvención de Deputación DA CORUÑA | Coa colaboración de CONCELLO DE PONTEVEDRA

Océano Surf Museo

https://www.facebook.com/vintenapraza/videos/2198233940399652/

A mediados dos 70
cos irmáns Irisarri, outros dos pioneiros do surf en Galicia
vinte
Imaxes cedidas polo Océano Surf Museo

Océano Surf Museo

VINTE Seguir

Gústame Comentar Compartir

66 1 comentarios
21 veces compartida

3,2 mil visualizacións · hai cousa de 4 meses

O Océano Surf Museo de Valdoviño recolle as historias dos pioneiros do surf en Galicia, e podes velas na súa web.

Contámoscho en VINTE: http://vinte.praza.gal/.../este-museo-virtual-contache-a-hist...

Vinte coas Brigantias

https://vinte.praza.gal/video/vinte-coas-brigantias

vinte

Accede Falte socia

Vinte coas Brigantias

Coñecemos o roller derby, un deporte de contacto a patíns practicado sobre todo por mulleres, da man das súas pioneiras galegas: as Brigantias da Coruña. Elas organizaron o pasado mes de setembro na cidade os Playoffs internacionais deste deporte que lle debe o seu rexurdimento ao movemento Riot Grrrl e cada vez practican máis rapazas en todo o mundo.

Ficha técnica

VINTE

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal

Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de Deputación da Coruña

Coa colaboración de Concello de Pontevedra

O novo traballo en solitario de Faia

https://vinte.praza.gal/video/o-novo-traballo-en-solitario-de-faia

vinte

Accede | Faite socia

04:11

MÚSICA

O novo traballo en solitario de Faia

A cantora Faia Díaz prepara o lanzamento do seu primeiro disco en solitario, gravado co Hevi (Malandrómeda, Fluzo). Neste traballo a compoñente de De Vacas explora e reivindica, cunha ollada moi persoal, os cantos tradicionais transmitidos polas mulleres.

Ficha técnica
VINTE

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de
Deputación DA CORUÑA

Coa colaboración de
CONCELLO DE PONTEVEDRA

Flow do Toxo

https://vinte.praza.gal/video/flow-do-toxo

vinte

Accede Faite socia

03:31

MÚSICA

Flow do Toxo

Son rapeiras, feministas e da comarca do Condado. Recíbennos en Pesqueiras (Salvaterra de Miño) para contarnos como se decidiron a montar un grupo para facer música urbana desde o rural honrando as mulleres da aldea.

Ficha técnica
VINTE

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal
Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de
Deputación DA CORUÑA

Coa colaboración de
CONCELLO DE PONTEVEDRA

Melania Freire: arte e moda a partir de panos, cadros e cobertores

https://vinte.praza.gal/video/melania-freire-arte-e-moda-a-partir-de-panos-cadros-e-cobertores

vinte

Accede Faite socia

04:28

vinte

MODA

Melania Freire: arte e moda a partir de panos, cadros e cobertores

A deseñadora Melania Freire presenta o 24 de xaneiro na pasarela EGO da Madrid Fashion Week a súa colección "Merquei unha postal de David Hockney". Esta artista nacida en Lugo en 1991 conta para VINTE como fixo esta colección e tamén outros proxectos nos que investiga a tradición téxtil das casas galegas (roupa, cobertores e sobre todo panos da cabeza) para traelas á contemporaneidade a través do deseño, da fotografía e da intervención artística.

Ficha técnica

VINTE

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal

Créditos | Legal

Fundación praza pública

Con subvención de

Deputación DA CORUÑA

Coa colaboración de

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Vinte en Pontevedra con Cuchillo de Fuego

https://vinte.praza.gal/video/vinte-en-pontevedra-con-cuchillo-de-fuego

vinte

Accede | Faite socia

LUGARES

Vinte en Pontevedra con Cuchillo de fuego

Damos unha volta pola capital do Lérez con dous dos seus veciños, compoñentes da banda Cuchillo de fuego, que editou o ano pasado o disco 'Megavedra'. Con eles falamos da cidade, de música, do videoclip que gravaron en Wakaliwood cun director de Uganda e do 'beef' amistoso que lle botan a outro grupo, Oh! Ayatollah, pola similitude temática entre algunha das súas cancións.

Ficha técnica

VINTE

Máis músicos nos seus lugares

MÚSICA

Vinte en Bexo con Lois

Lois Brea leva desde os 18 anos vivindo en Madrid, onde montou con outros galegos o grupo Trajano! e mais o proxecto en solitario que presenta agora, Lois. Pero el reivindica que "veño de Bexo e de Valgha" e fálanos na súa casa familiar. Tamén nos canta un dos seus novos temas na capela de San Mauro.

LUGARES

Vinte en Carballo con Chicharrón

Pasamos un día na capital de Bergatiños cuns veciños ilustres: o grupo Chicharrón, que acaba de lanzar o seu 3º LP: *Cancións Clínicas*.

Faite de vinte

A partir de 5€ mensuais podes suscribirte a VINTE e colaborar para que sigamos a producir contidos de calidade pagando dignamente as colaboracións de vídeo, fotografía, ilustración, xornalismo e creación de todo tipo.

Quero ser de Vinte

vinte

vinte@praza.gal

Créditos | Legal


Fundación praza pública

Con subvención de: Deputación da Coruña

Coa colaboración de: Concello de Pontevedra

ILUSTRACIÓNS

Leo Sousa “A Galicia dos anos 20”



"Non me imaxino a Galicia dos 20 moi diferente da de agora. De supor supoño: soamente vellos rosmando en skate parks abandonados, estradas máis gordas, menos paixón pero máis incendios e máis envexa e sospeita, máis hipermercados e Marinedas o lado da casa e tecnoloxía punta para ir á compra os domingos i encher a despensa sen entender ninguén absolutamente nada. E comer ou pirarse. Todo porque si. Progreso cutre, coma sempre."

Leo Sousa.

Camila Viéitez. “A Galicia dos anos 20”




“Na Galicia dos anos 20 penso que pode que teñamos máis de todo pero menos de algunhas cousas. Esta natureza morta feita con emojis do WhatsApp vai diso, do acceso as novas tecnoloxías e o mercado global pero tamén da homoxeneización e da perda de identidade. As veces teño a sensación de que estamos desconectándonos dun lado para conectarnos a outro. Isto non ten por que ser malo pero eu non sei plantar unha horta e tampouco sei se iso e bo. Imaxino un futuro próximo no que comamos, traballemos, construamos e adoremos megas e píxeles. Se fixese esta ilustración no verán igual me tería saido algo mais optimista.”

Camila Viéitez

CREACIÓN

Azucre, plástico, células. Caderno de Londres.

Colaboración de Jesús Castro Yáñez
https://vinte.praza.gal/artigo/azucre-plastico-celulas



O poeta Jesús Castro Yáñez botou este outono en Londres. E desde alí enviounos este caderno de impresións que combina fotos quitadas cunha cámara analóxica con algunhas impresións escritas.

A: A metade do tempo penso que a cidade non é máis ca ir aos sitios.




© Jesús Castro Yáñez

B: Non todos os cisnes do Reino Unido pertencen a Isabel II. Pero si que é certo que os cisnes son unha especie protexida pola coroa británica. A realeza sinalou xa no medievo que só terratenentes adiñeirados poderían permitirse a súa propiedade, a cal se sinalaba tallando cun coitelo un código de marcas no peteiro da ave. Se Dizzie Rascal viaxase ao S. XV tería que engadir algún verso sobre a súa *cigninota* despois de cantar *money money girls girls cash cash.*

A maldición da luz

Colaboración de Fran P. Lorenzo e Miguel Blanco Arango
https://vinte.praza.gal/artigo/a-maldicion-da-luz



E dixo Deus: sexa a luz. E houbo luz.

(Xénese 1:3)

A megalomanía dun político esixe soños á súa altura. Había en Vigo un concelleiro, a finais do século pasado, que convertía en proxectos urbanísticos o que, para os máis de nós, serían puros ensoñamentos: **Agustín Arca**. Abondáballe papel e lapis na mesiña de noite. O lago de Castrelos, surcado por cisnes neorrománticos, entre balaustradas de granito rosa *porriño*, naceu nun abrir e pechar de ollos da súa fase REM. Tamén o paseo dos volcáns de Coia, deseñado por el mesmo e agora desmantelado por **Abel Caballero**, para pesar de excursionistas e vulcanólogos. Arca imaxinou teleféricos entre a Guía e o Castro, pontes sobre a ría, enlousetou Vigo sen deixar un anaco de terra á vista e inzou de canchas de baloncesto e farolas fernandinas toda a cidade. Poucos límites ten o urbanismo municipal cando se nutre de material onírico e non obriga a outros compromisos que non sexan os dunha pequena sesta vespertina. Con esa folla de ruta, Arca foi quen de transitar por todas as parroquias políticas e ideolóxicas posíbeis, a partir do seu ingreso no Concello de Vigo como cargo electo, nas eleccións de 1979. Desde o Partido Popular Galego, integrado en UCD, ao PSOE, Alianza Popular, como creador de Unión Galega, e xa, na fin da súa carreira, nas ringleiras de Provi (Progresistas Vigueses), man a man co exalcalde **Manuel Soto**.

Outro político local, **Antonio Nieto Figueroa 'Leri'**, integrante da corporación municipal entre 1974 e 1999, fundador do populismo de praia vigués, aka. viguismo, xunto á inefábel Karina Falagán, conforma co señor Arca, e unha culposa homenaxe ao socialismo vazquista coruñés, o substrato político do que se nutre o actual alcalde olívico. Todo está inventado en realidade. Caballero só lle puxo o filtro Valencia de Instagram, e unha maioría absoluta, a ideas moi vellas e inscritas no ADN colectivo da cidade, ideas que teñen que ver co abandono, co desleixo das administracións, cunha melancolía indefinida, vencellada ás expectativas nunca cumpridas, e cun furado identitario que non é tal, pero que desde crianzas aprendemos a repetir a xeito de letanía. "Vigo non ten historia", "Vigo naceu onte", "Ninguén é de Vigo", ou o moi absurdo, sempiterno e odioso "lo bonito de Vigo son sus alrededores", que é o cumprido máis paradoxal que coñezo, semellante a alguén afirmar: "o máis bonito do teu rostro é o que está fóra del", por exemplo.

Todo está inventado en realidade. Caballero só lle puxo o filtro Valencia de Instagram, e unha maioría absoluta, a ideas moi vellas e inscritas no ADN colectivo da cidade.

O outro día en Porto, o espello no que Vigo nunca se quere mirar, un home caeu no interior dunha intervención artística de **Anish Kapoor**, unha sorte de boquete escuro, escavado a rentes do chan, da obra titulada *Baixada ao limbo*. Abofé que baixou o señoriño. Dous metros e medio. É a primeira vez, que eu saiba, que ser humano e arte se funden dunha maneira tan definitiva. Ocorreu nunha antolóxica do artista hindú na Fundação Serralves. Podería ter ocorrido en Vigo, no Marco, no museo de arte contemporánea vigués, pero ese museo foi desmantelado e asfixiado economicamente, co inestimábel concurso de Caballero que, investido de ignotos poderes de curador de arte e experto en xestión cultural, decidiu que a arte contemporánea está ben para Londres e París, as capitais que segundo el envexarían a reforma urbanística da céntrica rúa García Barbón, pero non para Vigo, porque a cidade non está preparada para esa sobredose de liberdade, en forma de creatividade e de vangarda, que é a arte contemporánea.



Vinte en Ordes

Colaboración fotográfica de Sabela Iglesias
https://vinte.praza.gal/artigo/moito-mais-que-unha-vila-de-paso



Para a maioría da xente Ordes é unha vila de paso a medio camiño entre Santiago e A Coruña. Para todo o mundo rural que hai arredor é a referencia urbana, a vila. E para toda unha xeración foi o lugar de festa nocturna que recordarán sempre. Pero, no ano 2018, que é Ordes?

Texto: Matías Tarrío

Imaxe: Sabela Iglesias



CC-BY-SA Sabela Iglesias

Ordes 2018

"Entre **Carral**, **Ordes** e **Sigüeiro**, non se sabe cal é máis feo". Esta frase escoitada en Sigüeiro, ben pode resumir o que significa Ordes para moita xente: unha vila de paso sen ningún atractivo que ten que atravesar por que non lle queda outra. E é que Ordes está, en coche, a media hora da **Coruña** e a media hora de **Santiago**. Co encarecemento salvaxe da autoestrada AP9, moitos condutores optan por facer o traxecto pola estrada N-550 e esta atravesa Ordes de arriba a abaixo. Con 7.600 habitantes (o municipio enteiro ten 12.700 segundo fontes do Concello), Ordes ofrece todo o preciso para ser unha parada importante, pero ademais, a pouco que se preste atención, vemos que é un sitio singular. "Ordes é un sitio pintoresco". Son palabras dun ordense, e seguramente teña razón. Falamos dun lugar que ten unha festa gastronómica dedicada ao champiñón, un produto que non é propio da zona, e que non exalta o grelo, produto do que si é unha potencia case mundial. Un lugar que ten unha sobremesa típica chamada **queique**, que ven do inglés "cake", traída da Arxentina hai 90 anos. E un lugar que, a pesar da crise, do peche de importantes empresas que tiña no sector téxtil, e da pouca actividade do sector da construción, ten unha taxa de paro, segundo o Instituto Galego de Estatística practicamente igual á galega, 12,5%.

Algo acontece en Ordes. Aparentemente só é unha vila barata (unha manzanilla, un café, dúas augas, e dous anacos de biscoito caseiro, custan 4 euros nun bar), cómoda (hai zona ORA, pero é moi fácil aparcar gratis todo o día), tranquila, e moi próxima a todo. Pero algo máis debe haber. Os que mellor o deberían saber son os seus habitantes. Aquí vive xente de moi variado perfil, e semella que non están moi de acordo sobre o que é Ordes no 2018.

A vaca é de onde pace

"Ordes é perfecto para min, nunca marcharía de aquí". O que di isto é **Ezequiel**, un mozo da República Dominicana que chegou a Ordes con 11 anos. Desde fóra custa entender tal afirmación. Como case todas as vilas galegas Ordes sufriu nos anos oitenta un deterioro urbanístico importante que a transformou nunha vila pouco agraciada esteticamente. A súa proximidade á Coruña e a Santiago fai que aquí nunca houbese centros comerciais ou sociedades culturais ao nivel doutras vilas históricas. O clima tampouco acompaña, aquí os invernos son máis húmidos e fríos do normal. Entón, que ten Ordes? "Teno todo", responde seguro Ezequiel. Aos seus 29 anos, e despois de 18 en Ordes, síntese completamente integrado.



Bares da N-541.

Colaboración de Adrián Estévez Iglesias (texto e fotos) e Berto Yáñez (deseño interactivo)
https://interactivos.vinte.praza.gal/n541/



Por cuestións laborais, entre setembro e novembro

nacionais antes ca por vías de alta capacidade. Gústame atravesar vilas e aldeas, adiantar tractores, saudar señoras con mandil e paraugas, ler carteis escritos a man, ver os restos de casas abandonadas.

Ao longo da estrada hai numerosos bares: lugares de socialización a nivel local, de parada para quen fai a ruta no camión, ou de aventura sociolóxica. Eu adoito parar neles para ler a prensa escrita, co ritual de remover o azucre devagar, probando un anaco de biscoito, unha galleta campurriana ou un churro. Mais nos bares podes tamén escoitar conversas sobre as festas parroquiais, ver letreiros sobre a concentración parcelaria ou saber con semanas de antelación que Lopetegui tiña os días contados. Xa que logo, propúxenme tomar o café cada día nun bar diferente desta estrada.

Desde a apertura da autovía **A-52**, a estrada **N-541** ten pouco tráfico. Gústame esta vía particularmente por dous aspectos que conserva: os fitos quilométricos, e os antigos trazados, as vellas curvas agora evitadas polas variantes. Tomando a estrada desde Pontevedra, ten o habitual degradado de urbano a rural das saídas das cidades. As gasolineiras e concesionarios de coches con beirarrúas dan paso, logo dunha rotonda, ás casas unifamiliares. Tras atravesar as parroquias de **Mourente** e **Bora**, o percorrido vai paralelo ao río **Lérez**.


Viascón, **San Xurxo de Sacos** (a carón da carballeira) e **Sacos**. Despois pásase por **Pedre** e **Vichocuntín** e chégase a **Cerdedo**. En **Folgoso** déixase o río Lérez, e continúase cara a **Vilapouca** e **Soutelo de Montes**. Súbese o **alto do Paraño**, de 800 metros, xa a medio camiño entre as dúas cidades. Logo de baixalo pásase pola **Almuzara** e chégase ao **Carballiño**. Continúase por **Dacón**, no concello de **Maside**, e báixase por **Punxín** até **Barbantes**. Alí a estrada entronca coa N-120, que une **Vigo** e Ourense.

A distribución xeográfica dos bares galegos, como non podía ser doutro xeito, correspóndese coa distribución demográfica. Procurei alternar bares dos núcleos urbanos (principalmente Cerdedo, Soutelo de Montes e O Carballiño) cos das pequenas aldeas máis rurais. É triste ir atravesando aldeas abandonadas e pensar nos bares, vendas, fondas, mesóns e paradas que foron pechando co paso do tempo. Nalgúns casos consérvanse topónimos con orixe nestes establecementos, deixando pegada. En relación coa distribución xeográfica, é ben curioso ver como funcionan os núcleos de influencia na prensa distribuída polos bares, pasando do **Diario de Pontevedra** a **La Región** de Ourense, con algún **Faro de Vigo** e numerosos **La Voz de Galicia** e **Marca**.

FOTOGALERÍAS

Tanxugueiras na India

https://vinte.praza.gal/coleccion/tanxugueiras-na-india-album-de-fotos



01 Aprendemos moitísimo durante toda a nosa estancia en Rajasthan da súa cultura e sobre todo da súa música, da que vimos enamoradas.



02 Tal e como mostra a foto, custounos moitisimo marchar de alí, choramos moito e deunos moitisima pena despedirnos daquela xente coa que convivimos tantos días. Alá temos unha familia e viceversa... Volveremos!



25 anos do Bar Tolo

https://vinte.praza.gal/coleccion/25-anos-do-bar-tolo

vinte

Accede | Falte socia

LUGARES

25 anos do Bar Tolo

VINTE

mércores 26, decembro 2018

Quen sexa de Santiago de Compostela sabe o que é o Bar Tolo. Quen sexa punk en Galicia, tamén. E a quen lle gusten os bares e non o coñeza, debería pasar pola Fonte de San Miguel número 8, canto antes. Por que? Porque o Bar Tolo é moito máis que un bar punk.

Falamos dun dos bares máis xenuínos do país, con 25 anos de historia, e polo que pasou e pasa todas as noites moita xente moi variada. Falamos dun bar pequeno pero moi acolledor, no que sempre soa punk e rocanrol, no que sempre poñen alcol de excelente calidade, e moi importante, falamos dun bar que sempre é un seguro, xa que abre todos os días da semana ata as 3:30 da madrugada. E a maiores está o futbolín, a súa privilexiada terraza, as súas pantallas con videoclips e os seus baños, que Andrés da Reixa definiu unha vez como "os máis limpos de toda a zona vella de Santiago". 25 anos de Bar Tolo, como pasa o tempo.

01 Chimi, un dos socios fundadores do Bar Tolo, dubidando se botar caña ou sidra, ao pouco de abrir. Era febreiro do ano 1993.



02 Alberte "Bobi", o outro socio fundador, pensando en que grupo vai montar (daquela estaba en Dirty Barriguitas). Detrás del está César Varela, da revista Plástico Elástico e que máis tarde estaría en Playmother & Fuckerback ou rexentaría o bar Mercromina, na Rúa de San Pedro.



03 Chimi anotando que cinta ten que gravar para a discoteca do Bar Tolo. Daquela a SGAE non andaba tanto enriba de todo.



Nove pelis (e máis cousas) que non podes perder no festival Novos Cinemas.

Colaboración de Cibrán Tenreiro.
https://vinte.praza.gal/coleccion/dez-pelis-e-mais-cousas-que-non-podes-perder-en-novos-cinemas

vinte

Accede Falte socia

CINEMA


Nove pelis (e máis cousas) que non podes perder en Novos Cinemas

Cibrán Tenreiro
luns 10, decembro 2018

Hoxe empeza en Pontevedra a terceira edición de Novos Cinemas, o festival internacional de cinema da cidade, que ten de particular o que indica o seu nome: non que os filmes que proxecta sexan novidades (que tamén), senón que se centra no cinema feito por novos e novas cineastas. Isto déixase ver nas películas a competición, que son a primeira ou segunda longametraxe destes talentos emerxentes, pero tamén nas numerosas actividades formativas para o alumnado da cidade (dende primaria ata a Universidade) e nun certo espírito de inmediatez e busca e apaixonamento xuvenil que atravesa a programación. Logo de dúas edicións en xuño, o festival pasa ao inverno, o momento no que máis presta meterse nas salas, e en VINTE propoñémosvos unhas poucas cousas que ver alí durante esta semana.

01 **Un violent désir de bonheur**

Nun momento político tan necesitado de ilusións e imaxinación revolucionaria como o actual, pode ser ben interesante botar a vista atrás para botar a vista adiante cun filme como a ópera prima do francés **Clément Schneider**: este "violento desexo de alegría" é **unha fábula sobre o amor, o colectivo e a individualidade, protagonizada por un monxe que se ve inmerso no proceso de (auto)descubrimento da Revolución Francesa**. A banda sonora, con cancións de Patti Smith ou Marianne Faithfull, dálle á película un aquel punk e conecta as ideas dun e outro tempo. Schneider, nacido en 1989, é o máis novo dos participantes na Sección Oficial e estará en Pontevedra para a estrea en Galicia do seu filme.




02 **Chuva é cantoria na aldeia dos mortos**

Nun festival como Novos Cinemas **non podía faltar algún filme de *coming of age*, ese subxénero que retrata o paso da nenez á idade adulta**. Claro que hai máis maneiras de facelo que as de clásicos como *Supersalidos, The Breakfast Club* ou *Rebelde sen causa*. *Chuva e cantoria na aldeia dos mortos*, de **João Salaviza e Renée Nader Messora**, sitúase nun contexto ben diferente ao centrarse en Ihjac, un indíxena krahô do norte do Brasil. Aos seus quince anos, ten que facerse cargo do funeral polo seu pai, e tamén da súa muller e o seu pequeno bebé. Entre pesadelos, parece escoitar a voz do seu pai chamalo á fervenza e sente as súas molestias e dores como posibles revelacións chamánicas. O filme, outro dos destacados da Sección Oficial, levou o Premio Especial do Xurado da sección Un Certain Regard de Cannes, onde o equipo protestou na alfombra vermella contra o xenocidio indíxena no Brasil.



Baloncesto. Vinte no vestiario do Durán Maquinaria Ensino Lugo.

Colaboración de Bárbara G. Vilariño e Xabier Martínez.
https://vinte.praza.gal/artigo/vinte-no-vestiario-do-duran-maquinaria-ensino-lugo



As xogadas non son o único que protagoniza un vestiario. Oposicións, cultura senegalesa, historias de conciliación, stories de Instagram, vinte anos de aprendizaxe de valores e moito ensino... Por se aínda estás na bancada, e sen ánimos de saír á cancha, mostrámosche o que hai detrás da canastra a través do perfil de cinco xogadoras do Durán Maquinaria Ensino Lugo, equipo de baloncesto lucense na máxima categoría do baloncesto español.

Pasamos unhas horas con estas profesionais antes dun dos seus dobres adestramentos diarios e pedímoslles que desen a coñecer a súa parte máis persoal mediante un obxecto que as definise.

Texto: Bárbara G. Vilariño

Fotos: Xabier Martínez

As tres bases de Arantxa Gómez Novo



ARTIGOS E REPORTAXES

Carta da redacción. Cara á Galicia dos anos 20

https://vinte.praza.gal/artigo/cara-a-galicia-dos-anos-20




Accede | Faite socia

Carta da redacción Cara á Galicia dos anos 20

luns 10, decembro 2018

María Yáñez @myanllo





Dominio Público vinte

A comezos desta década o grupo Ataque Escampe falaba dos "Violentos anos dez". Estamos perto dos anos vinte e, vendo os telexornais, a década que vén non ten moita mellor traza. Mais, como cantaba a Matraca Perversa, **a nosa historia facémola nós e os próximos anos vinte serán como nós queiramos**. Por iso temos que ilos pensando, proxectando, visualizando. Celebrando que, se nada se torce, habemos chegar aló e que a Galicia dos anos 20 terá pouco que ver coa que deixamos atrás.


Para empezar, imos ter por primeira vez persoas adultas nacidas neste milenio. Co que iso implica no ámbito da comunicación: se algunha revolución real houbo nestes tempos foi a que trouxeron internet e os móbiles, para ben e tamén para regular. **As persoas que se fagan adultas nos anos vinte xa a penas len xornais en papel. Consumen as historias que comparten os seus pares nas redes sociais. Mellor se son en formato visual: quen reina na rede son as imaxes. Mais se algo lles interesa tamén lles presta ler, e non só pezas curtas.** E, sobre todo, usan internet como suxeitos creadores, como participantes da conversa e non só consumidores pasivos. Eles e elas son as protagonistas das súas propias canles de comunicación.

Isto non é unha predición de futuro, é algo que xa sucede, e que nos sucede tamén a quen temos ben máis de vinte. Seguramente che suceda a ti se estás a ler isto no teu móbil. Somos unha audiencia ampla, con fame de información e de contidos novos todo o tempo, da actualidade global pero tamén do que temos máis perto. No panorama internacional hai moitísimos medios grandes e pequenos pelexando pola audiencia que acabo de describir. No ámbito galego esa pelexa está bastante deserta, quitado algunhas afoutas iniciativas pequenas. Aos grandes medios, incluíndo os públicos, cústalles moito adaptar a súa estrutura ás novas maneiras de consumir contidos. **Os grandes medios, e sobre todo os públicos, ás veces dan por perdida a batalla da relevancia do galego entre a xente nova. Porque para dala hai que dar outra batalla, a da relevancia a secas dos medios en galego.** A de apostar pola nosa lingua como unha canle non só válida para comunicar neste novo escenario, senón estratexicamente moi valiosa na economía da atención. Na que ser diferentes non penaliza, senón todo o contrario.

Unha revista ou plataforma dixital de contidos multimedia, con temática ampla arredor da sociedade actual, da cultura popular, das tendencias globais e locais

Fútbol, humor e internet. A Unión Soviética segue a ser un equipo gañador? En Sigüeiro, si.

https://vinte.praza.gal/artigo/a-union-sovietica-segue-sendo-un-equipo-ganador-en-sigueiro-si



Hai unha conta de Facebook escrita en galego que é seguida por xente de Quito, Melbourne ou Madrid. Moitos destes seguidores utilizan tradutores para entender o que escriben nesta páxina. Por que? Porque son seguidores do equipo de fútbol sala da Unión Soviética de Sigüeiro.

Sigüeiro é ese lugar que atopan os condutores que saen de Santiago en dirección á Coruña cando non van pola AP9. Ás horas máis transitadas no centro da vila hai un atasco importante que permite contemplar o feísmo galego no seu máximo esplendor. Sigüeiro rivaliza en fealdade con outros exemplos históricos do urbanismo descontrolado na N-550, como son Carral, o Milladoiro ou Pontecesures. Pero, ao contrario que outras cidades dormitorio creadas da nada, Sigüeiro ten unha idiosincrasia propia e un longo historial de tecido asociativo (Lembranzas do Tambre, A.C. Os Irmandiños, Baixadas do Río Tambre, Festival Psicotroita). E no relativo ao fútbol a xente nova tamén soubo facer afección (as vitorias importantes do Sigüeiro F.C. séguense a celebrar con baños colectivos na Fonte da Foca no medio da vila). Todo este pasado ten probablemente moito que ver co nacemento da Unión Soviética de Sigüeiro, un equipo de fútbol sala que se converteu nun proxecto deportivo, político e humorístico que transcende as nosas fronteiras.



Escudo do equipo no que se incorporan a troita, a ponte de Sigüeiro e a lenda en ruso "Guerreiros do Tambre, soldados do socialismo. Protexidos pola

Lucía Estévez. A nova cineasta da que todos falan este ano

https://vinte.praza.gal/artigo/a-nova-cineasta-da-que-todos-falan-este-ano



Hai un ano pouca xente coñecía o nome de Lucía Estévez. Pero esa pouca xente predicaba a boa nova: *tes que coñecer esta rapaza, unha crack*. O 2018 foi avanzando e o seu nome ía soando cada vez máis: é a que gañou o Premio María Luz Morales de ensaio, fixo o *videobook* de non sei quen, fixo o trailer dunha obra de teatro, fixo un *fashion film*, fixo unha peza de videodanza, presentou unha curta en Curtocircuito, fixo outra para o Chanfaina Lab, traballou de script e de asistente de cámara en varias pelis e series... para, vai a modo, quen dicías que era esta *ghicha*? E por que todo mundo fala dela dun ano para acó?

"Si, a verdade é que fixen moita bobina este ano". É a maneira que ten Estévez (Vigo, 1994) de quitarlle importancia á voráxine profesional á que se enfrentou durante todo 2018. Mais recoñece que "foi tamén moi creativo a nivel individual, foi a primeira vez que me vin como autora. Atopei unha liña que seguir á hora de contar as cousas, atopei un discurso". E fíxoo sobre todo con *Sendeiro*, a curtametraxe que presentou no último Curtocircuíto, un conto de irmáns protagonizado pola actriz Cristina Andrade, que con 23 anos é outra nova promesa da nosa interpretación.



Vinte agasallos que podes mercar no pequeno comercio sen saír da casa

https://vinte.praza.gal/coleccion/vinte-agasallos-que-podes-mercar-no-pequeno-comercio-sen-sair-da-casa

vinte

Accede | Faite socia

COMPRAS

Vinte agasallos que podes mercar no pequeno comercio sen saír da casa

VINTE

xoves 13. decembro 2018

Querido Apalpador: estamos fartas de centros comerciais, de aglomeracións no centro das cidades, de mercar en grandes tendas *online* que escravizan os seus traballadores... Este ano queremos agasallos orixinais, feitos en Galicia e que se poidan mercar por internet. O comercio electrónico de proximidade tamén existe e aquí fixemos unha selección de cousas para regalar que poden ser túas, cuns poucos *clics* e outros poucos euros.

01 **Camiseta debuxada por Pepa Prieto Puy**

12€

Pasa de Inditex e faite unha peza textil deseñada por unha das novas ilustradoras galegas máis prometedoras a nivel internacional: Pepa Prieto Puy. A camiseta está serigrafiada cun deseño a partir dunha das páxinas do fanzine "Botella". **Comprar**.

02 **Unha noite nas casas do Ulla**

100€

Ao pé da ponte colgante do Xirimbao sobre o río Ulla temos estas fantásticas cabanas que funcionan como aloxamento turístico para quen queira unha escapada á natureza e ao confort da arquitectura e deseño contemporáneos. **Reservar**.

03 **O anel de Rosalía**

94€

Sabías que os aneis que leva Rosalía na portada do seu disco *El mal querer* están feitos por unha deseñadora galega? Son de Carla López, que desde As Pontes deseña complementos que adoran as celebritis, e que ti tamén podes ter se aforras uns cartiños. Os aneis 1 e 2 están á venda na súa tenda online. **Ver.**

CARLA LOPEZ

Sabela Silva. Reivindicamos a primeira Sabela que cantou en galego

https://vinte.praza.gal/artigo/reivindicamos-a-primeira-sabela-que-cantou-en-galego





© BelaFans

Sabela Ramil é xa finalista de OT2018, despois de cantar na última gala a adaptación dun poema de *Cantares Gallegos*: *Negro Caravel.* Mais esta Sabela (1993) non é a primeira artista con ese nome que lle canta a Rosalía. Sabela Silva (1959) ata hai tres meses era *a Sabela cantante* que todos coñeciamos. Para que non caia no esquecemento ante a irrupción da nova ídola, repasamos os mellores momentos desta icona do pop enxebre que se reinventou máis veces que Madonna.

Descuberta nos anos 80 por **Manolo Muñiz**, o creador da Orquestra Compostela, **Sabela**, nacida en Boqueixón ao pé do Pico Sacro, é "a diva da música galega" (como proclama o seu club de fans en Facebook) que máis tempo leva en activo. Da música popular de verbena foi evolucionando cara á música lixeira con toques disco e latinos, sen perder nunca a vocación de ser unha das grandes cantantes do noso país. E se na súa primeira casete, con a penas vinte anos, saía vestida 'de galega', con pano e tapada ata o pescozo, co paso do tempo foi tendendo aos escotes, os shorts e as minisaias, como a artista pop que en realidade quería ser.

Agora vive en Asturias mais non abandona os escenarios e podemos vela de cando en vez nos programas da TVG cantando vellos éxitos como ***Miña Galicia*** ou ***Galego Mix***.


Vexamos a súa evolución a través das portadas da súa discografía, recuperadas pola páxina de Facebook Sabela BelaFans:

A discografía de Sabela



Lalín's Curse. Un webcómic ambientado en Galicia en milleiros de seguidores en todo o mundo.

Colaboración de Jesús Rivera Armán.
https://vinte.praza.gal/artigo/un-webcomic-ambientado-en-galicia-ten-milleiros-de-fans-por-todo-o-mundo



Estamos afeitas a que as historias da banda deseñada teñan lugar nas grandes cidades (Nova York, Metrópolis, Gotham, Toquio...), semella que alí todo é posíbel e calquera cousa pode pasar. Pero non pensa o mesmo Isabel Terol, de alcume Isakytm (1993, Comunitat Valenciana), finalista do Webtoon Contest 2018, que escolleu Lalín como escenario do seu webcomic de estilo manga onde se suceden todo tipo de fenómenos paranormais.

Lalín, cruce de camiños

Cada día vemos como xigantescas empresas asiáticas se converten en multinacionais chegando a Occidente e ás nosas vidas cotiás. Mentres as editoriais máis grandes e máis coñecidas, Marvel e DC, se debaten na guerra entre o papel e o dixital, entre o pago e o gratuíto, en 2014 chega aos Estados Unidos **Line Webtoon**, unha sucursal da empresa coreana Naver (creadora, entre outros, da *app* de mensaxería Line). A súa proposta céntrase en ter actualizacións de series todos os días, contidos para todos os gustos e na súa gratuidade, tanto para ler como para publicar. E é nesta plataforma onde **Isatkytm** comeza a publicar a súa serie ***Lalin's Curse*** (*A maldición de Lalín*), na que un grupo de rapaces e rapazas de 3º de ESO investigan os estraños acontecementos que pasan no monte, nas súas casas... ou quizais só na súa imaxinación?

David e Félix son os protagonistas centrais desta banda deseñada, pero sempre van acompañados dos seus amigos e amigas, polo que hai un amplo abano de personaxes coas que identificarse (ou namorar). As paisaxes galegas e a cantidade de lendas e historias sobrenaturais fixeron que Isatkytm quixese ambientar a súa historia en Lalín, por onde pasou nunhas vacacións. Cruceiros, hórreos, corredoiras ou edificios da vila e arredores son recoñecíbeis nos seus cadriños. Lalín está no centro e xa sabemos que é nos cruces de camiños onde o mundo dos espíritos e o noso están máis perto. Moito material para lendas urbanas e misterios aos que se enfrontar.

A revolución dos webtoons

Unha das características que diferencia un *webtoon* doutros webcomics é que están pensados para ser lidos en dispositivos móbeis, en vertical e cunha interface sinxela e mínima. Isatkytm conta que tardou pouco en adaptarse a esta nova forma de narrar. A base de ler moito e de experimentar agora domínaa á perfección e mesmo trata de facer cousas diferentes, como xogar cos espazos, mesturar a linguaxe coa narración tradicional e que non todo sexa unha serie de cadriños un debaixo do outro.

Sangre de muérdago: “Cando estás lonxe Galicia é unha idea moi romántica”

https://vinte.praza.gal/artigo/cando-estas-lonxe-galicia-e-unha-idea-moi-romantica

vinte

Accede | Falte socia

MÚSICA

Sangre de Muérdago: “Cando estás lonxe Galicia é unha idea moi romántica”

mércores 19, decembro 2018

Matías Tarrío



© Sangre de Muérdago

Desde Leipzig, Alemaña, para o mundo. E en galego. O proxecto do ourensán Pablo Caamiña alcanza repercusión internacional cantando na nosa lingua.

Pablo Caamiña vive en Alemaña pero séntese profundamente galego. Con **Sangre de Muérdago** empezou un proxecto moi íntimo, que foi medrando pouco a pouco, e que acabou transformado nunha banda internacional que toca por todo o mundo e nos lugares máis incribles (vantaxes de tocar sen amplificar moitas veces). Conserva un galego moi bo cun leve acento alemán (*“no día a día só falo galego coa miña cadela”*), pero sobre todo, conserva unha paixón intacta polo que fai, algo que lle ven desde os seus tempos de xuventude cando tocaba en bandas moito máis agresivas que o folk intimista de Sangre de Muérdago. Moi afable, responde as preguntas de **VINTE** desde Leipzig, Alemaña, vía telefónica. Hai temporal na nosa terra e falla a cobertura pero Pablo, que está moi lonxe, fala moi ben e a súa mensaxe chega moi próxima.

En primeiro lugar, e para quen non vos coñeza, explícanos de onde ven o nome da banda.

Sangre de Muérdago ven de dúas palabras moi fermosas. Por un lado o sangue, que sería a “savia” da planta. E por outro a propia planta, que se confunde en Galicia co acivro, e que foi unha planta moi importante para os druídas celtas. Ademais é unha planta moi particular que bota o froito no inverno en vez de no verán. O nome saíu así, en castelán, e así quedou. Gústame porque é moi sonoro.

Os inicios de Sangre de Muérdago foron moi pouco a pouco, pero a partir de 2012, practicamente, ides a unha publicación discográfica por ano. Que sucedeu nese momento na banda?

Cando gravamos o primeiro disco foi ao pouco de morrer o meu amigo Jorge, brasileiro, e compoñente da banda. Ao final quedei eu só no proxecto. Vivía nunha caravana cerca de Pontedeume, e foi unha época particular. Despois, a partir de 2011, fun vivir a Alemaña, e foi xa cando gravamos e empezamos a xirar xa máis continuadamente. A partir de 2012 xa ven todo o que é a banda na actualidade.

Sangre de Muérdago ten base en Leipzig, Alemaña. Por que? Hai moito que vives aí?

A miña muller é alemá. Coñecina hai moitos anos cando fixen unha viaxe por aló. Vivimos en Galicia 5 anos e en 2011 fomos para Alemaña para estar cerca da súa nai, que estaba enferma. Ademais queríamos un cambio. E tamén influíu que neste país a se valore máis o de ser músico, non é visto como en Galicia, que sempre parece que é facer algo que non é

Leo Sousa. Un artista raro á procura dun ruído propio.

Colaboración de Cibrán Tenreiro
https://vinte.praza.gal/artigo/un-artista-raro-a-procura-dun-ruido-propio

vinte

Accede Faite socia

GRÁFICA

Leo Sousa. Un artista raro á procura dun ruído propio

mércores 19, decembro 2018

Cibrán Tenreiro @@cibrantenreiro

© Leo Sousa

Leo Sousa é un dos novos nomes clave da arte gráfica en Galicia, cunha obra directa e de espírito contracultural que se plasma en ilustracións para medios como El Salto, Luzes ou Consented, portadas de discos (Bala, Klute, Abuela te quiero) e cartelería da que podes ver pola rúa, dende o WOS Festival de Compostela ou a mostra Videoclips a Esgalla de Ferrol a posters para proxectos como Malandrómeda, os americanos Sheer Mag ou o equipo de roller derby As Brigantias. Falamos con el sobre o seu estilo, a tecnoloxía ou o estraño de desenvolver unha obra artística traballando por encargo.

Leo Sousa é un artista raro. Sospéitase que calquera artista o é, pero a súa rareza é pouco común entre o gremio: Leo Sousa é un artista raro porque a súa arte é discreta. En lugar de chamar a atención sobre si mesma, as súas imaxes sinxelas e impactantes aparecen en traballos de encargo como carteis ou ilustracións de revistas, desenvolvendo un discurso propio ao servizo doutros discursos. Ten algo de propaganda, pero tamén é un propagandista raro, xa que dentro destas encargas é quen de introducir constantes persoais como a redefinición de imaxes icónicas ou o uso dun humor entre o absurdo e o surrealista. Estas rarezas revelan unha obra e un autor cun posicionamento político forte, crítico coa pasividade do público, coas nocións máis rutinarias da arte, coa inconsciencia no uso da técnica e a tecnoloxía e coas propias contradicións.

A maioría dos teus traballos son encargos. Sénteste máis cómodo traballando cunha premisa previa que desenvolvendo unha obra dende cero, pola túa conta?

Resúltame máis fácil traballar para outra xente que facer cousas só para min mesmo ou partindo dunha intención artística pura. Máis que nada porque non teño definida unha ruta artística ou un mundo estético sobre o que queira traballar, e o encargo axúdame a arrincar, e a aplicar certas cousas que me espertan curiosidade a un obxectivo concreto. Por outro lado, eu sempre entendín o aspecto gráfico como algo que complementa outra cousa. Cústame velo como algo illado, e cústame visualizar o que sería unha obra de colgar nunha parede, o puramente decorativo, se non ten unha utilidade.

Se o teu traballo vai ser algo que alguén necesita especificamente para transmitir unha idea tamén vai ser diferente a que alguén che merque un produto rematado. Como traballador tamén che resulta máis cómodo?

Si, resúltame máis cómodo e por iso o fago. Tamén pode ser froito de inseguridades. Para ser un artista tes que crer moito no que fas, ter moita fe en ti mesmo e crer moito no teu proxecto estético. No meu caso é un pouco máis empregar certos recursos para solucionar un problema gráfico, e aporto iso como un técnico. Como un fontaneiro. Iso na miña cabeza, claro. Tampouco creo que sexa así ao cen por cen, porque o que fago ten unha subxectividade detrás.

Orgullo Galego. Como arrasar en Facebook falando das cousas do país

https://vinte.praza.gal/artigo/como-arrasar-no-facebook-falando-das-cousas-do-pais

vinte

Accede Faite socia

REDE

Orgullo Galego. Como arrasar no Facebook falando das cousas do país

mércores 26, decembro 2018

Matías Tarrío

© Orgullo Galego

O equipo de Praza Pública leva meses a traballar intensamente para medrar en calidade e contidos. Unha das necesidades máis inmediatas de Praza.gal viña sendo, máis de seis anos despois do noso nacemento, unha renovación tecnolóxica. Esa renovación está a piques de chegar cun redeseño integral do xornal que non vai chegar só. Vai chegar con VINTE, a nova revista dixital de sociedade, cultura e tendencias asociada a Praza.gal.

A nova xeira de Praza.gal e mais o nacemento de VINTE chegarán ás pantallas o vindeiro 11 de decembro

Esta nova xeira de Praza.gal e mais o nacemento de VINTE chegarán ás pantallas o vindeiro 11 de decembro. Pero xa saíron do forno algúns petiscos do que está por vir. O primeiro avance tivérono hai uns poucos días as socias e socios de Praza Pública nunha presentación en Santiago na que o director de Praza.gal, David Lombao, e a directora de VINTE, María Yáñez, ofreceron un avance do deseño e contidos.

"Tras case sete anos de Praza.gal -explicou Lombao- imos ter a oportunidade de contarmos máis e mellor cun xornal renovado" que, especificou, contará con mudanzas no seu deseño, pero tamén con melloras técnicas que facilitarán o traballo da redacción e mais a experiencia da audiencia. Así, por exemplo, **o novo deseño de Praza.gal coida especialmente a súa adaptación aos dispositivos móbiles**, unha das vías fundamentais -en moitas ocasións, maioritarias- de acceso ao xornal que experimentou unha gran evolución dende o ano 2012.

David Lombao presenta ás socias e socos de Praza.gal o redeseño do xornal / Ada Seoane

Nada disto sería posible sen as socias e socios de Praza.gal, por iso na nova web haberá un espazo para as persoas que co seu apoio nos axudan que o xornal se consolide e medre

"**Nada disto sería posible sen as socias e socios de Praza.gal**", subliña o director do xornal. Por iso, na nova web de Praza.gal haberá un espazo para as persoas que co seu apoio nos axudan que o xornal se consolide e medre. Poderán acceder a adiantos informativos, contidos exclusivos e novas vantaxes "que ata agora tecnicamente era difícil para nós poder ofrecer".

VINTE, unha revista para a Galicia dos anos 20

Coa nova etapa de Praza nace VINTE, **unha revista para público novo con contidos multimedia sobre temas de sociedade, cultura e tendencias**. María Yáñez presentou este espazo como un lugar desde o que "retratar e proxectar a Galicia dos anos VINTE", cunha forte aposta polos contidos audiovisuais, polas novas linguaxes e pola distribución nas redes sociais. "Hai unha audiencia aí fóra que consome a maior parte de contidos nas redes e isto supón unha gran oportunidade para o noso espazo de comunicación", explicou Yáñez, apelando a un público "menor de 40 anos que busca contidos de calidade nas redes en galego".

"Hai unha audiencia que consome a maior parte de contidos nas redes; iso é unha oportunidade para o noso espazo de comunicación", explicou apelando a un público "menor de 40 anos que busca contidos de calidade nas redes en galego"

VINTE ofrecerá a maior parte dos seus contidos de xeito gratuíto, mais **tamén lles vai ofrecer ás súas lectoras e lectores a posibilidade de suscribirse á publicación, como xa fan as persoas socias de Praza.gal**, e recibir contidos exclusivos e outras vantaxes, a partir de 5€ mensuais.

O equipo de VINTE fórmano **María Yáñez e Matías Tarrío** na redacción, cun consello editorial no que participan Carlos Pereiro 'Cariangas', Lucía Aldao, Belén Regueira, Noa Cid, Cibrán Tenreiro e Tamara de la Fuente. A realización audiovisual está a cargo de miramemira, coa colaboración de Xavi Font na identidade sonora.

María Yáñez avanza o proxecto da revista dixital Vinte / Ada Seoane

A produción dos contidos iniciais de lanzamento de VINTE recibiu unha subvención da **Área de Cultura da Deputación da Coruña**, na súa nova liña de apoio ao desenvolvemento de proxectos singulares de especial interese cultural. A vicepresidenta da Deputación, Goretti Sanmartín, participou no acto para explicar esta liña de axudas e darlle a benvida ao proxecto.

Ademais, na presentación de VINTE amosouse en primicia **o spot que este xoves se empezou a distribuír nas redes** da revista, que se pode seguir en Facebook, en Twitter e en Instagram.

Chega VINTE · Ver máis tarde · Compartir

No Culturgal 2018

O equipo do **Laboratorio NUMAX**, responsable da anovación tecnolóxica e do redeseño de Praza, así como do deseño e lanzamento do proxecto VINTE, ultima os detalles desta nova xeira. Mentres, a Fundación Praza Pública aproveitará o seu posto no Culturgal 2018, que se celebra do 30 de novembro ao 2 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, para ofrecer uns petiscos do que está por vir.

-**O sábado 1, ás 18:30h, no stand de Praza Pública na feira das industrias culturais**, imos navegar con socias, socios, amizades e visitantes do stand polas primeiras pantallas do redeseño de Praza.gal... E imos facer algún 'spoilers' de VINTE!

-**O domingo 2, no Espazo Foro do Culturgal**, presentaremos máis polo miúdo a nova xeira de Praza.gal, como vai medrar o noso xornal e os contidos que vai traer VINTE consigo.

praza | O 15 de abril de 1846 constitúese en Santiago a Xunta Superior do Reino de Galiza | Accede | Faite socia

Precampaña local · Pola sanidade pública · #DefendeAGalega · Os outros custos do AVE · Máis

Acontece

Praza inicia a súa nova etapa co redeseño do xornal e a benvida a VINTE

María Yáñez @myanllo / David Lombao @davidlombao
martes 11, decembro 2018

Praza medra e chega VINTE CC-BY-NC Praza

A piques de facer 7 anos na rede, Praza.gal inicia unha nova etapa este 11 de decembro estreando novo deseño do xornal e plataforma web e dándolle a benvida a VINTE, unha nova revista de sociedade, cultura e tendencias que tratará de chegar a públicos máis novos.

A piques de facer 7 anos, Praza.gal inicia unha nova etapa este 11 de decembro co redeseño do xornal e o nacemento de VINTE

VINTE nace como un espazo desde o que "retratar e proxectar a Galicia dos anos VINTE", cunha forte aposta polos contidos audiovisuais, polas novas linguaxes e pola distribución nas redes sociais. A nova revista sae hoxe cun vídeo sobre a vida en Carballo da man do grupo **Chicharrón**, unha entrevista coa youtuber e escritora **Carolina Iglesias** e reportaxes sobre a cineasta **Lucía Estévez** e o equipo de fútbol sala que arrasa nas redes, a **Unión Soviética de Sigüeiro**.

Outros formatos audiovisuais desenvolvidos por VINTE son o consultorio ***Ti fai o que eu che digo***, onde Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado contestarán as inquedanzas da audiencia, ou ***Vinte xogando***, onde un personaxe coñecido nos falará do seu videoxogo favorito e nos fará unha demostración de como se xoga. O primeiro convidado é Nuno Pico, o cantante de Oh Ayatollah!

No apartado de creación, o poeta **Jesús Castro** publica un caderno con fotografías e anotacións da súa recente estancia en Londres. Tamén se inclúe unha serie de recomendacións a non perder no festival **Novos Cinemas**, que comeza hoxe en Pontevedra. E unha guía de agasallos para este Nadal que se poden mercar no pequeno comercio electrónico galego.

VINTE publicará novos contidos case a diario, e terá a súa propia zona de socias/os para as persoas que se queiran subscribir e poder acceder así a distintas vantaxes e contidos premium.

Presentación de Praza e Vinte no Culturgal CC-BY-SA Praza Pública

Novo deseño de Praza

A zona de socias e socios é tamén outra das novidades de Praza.gal, e nela ofreceranse adiantos informativos, contidos exclusivos e outras vantaxes que reforzan o valor de facerse socio de Praza, algo que tamén se facilita na nova web.

A nova zona de socias e socios é unha das principais novidades da nova etapa do xornal, cuxo deseño foi renovado de maneira integral co traballo do Laboratorio NUMAX

En canto ao deseño, renovouse de maneira integral co traballo do Laboratorio NUMAX, tamén a cargo do deseño de VINTE, e está moito máis adaptado aos dispositivos móbiles, ofrecendo unha experiencia de lectura e navegación moito máis áxil e completa, ademais dunha mellor integración do contido multimedia.

Chegan tamén novidades a un dos espazos máis visitados do xornal,**o Fálase, que agora torna nunha liña de tempo completa no que acceder máis facilmente a toda a información.**

A fundación Praza Pública presentou esta nova etapa o pasado 23 de novembro en Compostela e tamén o 2 de decembro no Culturgal, cun stand no que o público puido coñecer de perto o novo deseño de Praza.gal e mais un adianto dos contidos de VINTE.

Praza.gal | Praza medra... e chega VINTE!

Grazas ao apoio dos socios, Praza.gal pode medrar e crear novos proxectos.

Nós Televisión, 11 de decembro de 2018

https://nostelevision.gal/aire-fresco-chega-vinte-a-revista-dixital-para-a-galicia-dos-anos-20/





Hoxe estréase un **novo medio de comunicación en galego**, a revista dixital Vinte. Faino da man do xornal Praza Pública, enfocada para a xente nova, esas primeiras persoas nadas so século XXI. Falamos coa súa directora, María Yáñez.



Distintos formatos e distintas canles

"As persoas que se fagan adultas nos anos vinte xa a penas len xornais en papel" din na carta de benvida publicada pola redacción de Vinte.Contidos sociais, culturais, tendencias... podemos atopar na súa páxina desde un consultorio ata as imaxes de Tanxugueiras na India. Todo cunha meta moi clara, a de "**construír os próximos anos vinte coma nós queiramos**".

Trátase, en definitiva, dunha plataforma dixital de contidos multimedia, con temática ampla arredor da sociedade actual, da cultura popular, das tendencias globais e locais

ETIQUETAS Cultura e lecer



Artigo anterior
Para o BNG é "absolutamente imposíbel" votar a favor da proposta de orzamentos de Compostela Aberta

Seguinte artigo
Casa Cornide: unha exhumación pendente

ARTIGOS RELACIONADOS **MÁIS DO AUTOR**



Os Cantos de Taberna chegan á cidade vella de Compostela



Zinthia Álvarez: "Queremos recordar a historia das mulleres negras"



Plataformas medioambientais esixen que Galicia deixe de ser "territorio de sacrificio"

O último

O turismo, unha peza clave para entender o capitalismo
Galicia
15 Abril, 2019

O Concello de Santiago volve a sumarse ao programa de voluntariado 'Vacacións con traballo'
Área Compostela

Televisión de Galicia. ZigZag Diario, 11 de decembro de 2018.

http://www.crtvg.es/informativos/agasallos-en-rede-e-vinte-nova-revista-dixital-de-tendencias-con-maria-yanez-3983354

TELEVISIÓN DE GALICIA

luns 15 de abril
Accede | Rexístrate

En serie | Pasou o que pasou | Musigal

Portada | TVG | Informativos | RG | Deportes | #Cultura365 | O tempo | Xabarín | Directos | CRTVG

Agasallos en rede e 'Vinte', nova revista dixital de tendencias con María Yáñez

Publicado o 11/12/2018 18:30

A nosa colaboradora tecnolóxica María Yáñez traenos unha escolma de agasallos galegos que podemos mercar pola rede e nos presenta a nova revista dixital 'Vinte', que, ao abeiro de Praza, ten como obxectivo chegar ao público máis novo con tendencias e contidos arredor da sociedade actual e a cultura popular.

#Cultura365 | Letras

"A música é necesaria nun mundo tan perturbadamente racional"

Unha vítima de violencia machista con tres fillos enfróntase a un desafiuzamento

Envía o teu comentario!

Para poder comentar esta entrada debes estar rexistrado.
Introduce o teu usuario e contrasinal AQUÍ

Comentarios | Facebook (0)

Tamén che pode interesar

15/04/2019 22:18
As lapas devastan a catedral de Notre Dame de París

15/04/2019 18:59
A Xunta e os concellos destinan 36 millóns para evitar incendios forestais

15/04/2019 14:26
Abrimos as portas da Costa da Morte para coñecer os seus encantos

15/04/2019 13:50

Código Cero, 3 de decembro de 2018

https://codigocero.com/Praza-gal-lanza-en-decembro-nova-feitura-e-nova-revista-dixital-Vinte

Praza.gal lanza en decembro nova feitura e nova revista dixital: Vinte

luns, 3 de decembro do 2018 / Redacción

Praza.gal, o xornal dixital galego, está a preparar importantes novidades logo de sete anos de intenso percorrido *redeiro*, tanto en materia de feitura externa (redeseño integral) coma no fondo (máis contidos, máis canles de seu). En termos máis concretos, a nova *vida* do medio galego chega da man de Vinte, a nova revista *online* de sociedade, cultura e tendencias asociada a Praza.gal. A chegada desta publicación, e máis da andaina renovada de Praza Pública, están previstas para o vindeiro 11 de decembro.

Os detalles principais sobre estas iniciativas foron presentados polo director de Praza.gal, David Lombao, e a directora de Vinte, María Yáñez, que explicaron que haberá “mudanzas no deseño, pero tamén melloras técnicas que facilitarán o traballo da redacción e mais a experiencia da audiencia”. Nesta liña insírense os esforzos para adaptar plenamente Praza.gal aos dispositivos móbiles, “un dos vieiros fundamentais de acceso ao xornal que experimentou unha gran evolución dende o ano 2012”. Outra das grandes novidades ten que ver coa participación das lectoras e dos lectores que máis se teñan implicado no afianzamento de Praza Pública: “Contarase cun espazo para as persoas que co seu apoio nos axudan que o xornal se consolide e medre. Poderán acceder a adiantos informativos, contidos exclusivos e novas vantaxes que ata agora tecnicamente era difícil para nós poder ofrecer”, explicaron.

Respecto de Vinte, será unha revista “para público novo con contidos multimedia sobre temas de sociedade, cultura e tendencias”. María Yáñez engadiu que se tratará dun recanto “desde o que retratar e proxectar a Galicia dos anos vinte”, cunha “forte aposta polos contidos audiovisuais, polas novas linguaxes e pola distribución nas redes sociais”. Será unha plataforma onde a maior parte dos contidos ofreceranse de balde, pero que tamén contará cunha vertente de pago, coa posibilidade de recibirmos contidos exclusivos e outras vantaxes, a partir de 5€ mensuais.

O equipo de Vinte fórmano María Yáñez e Matías Tarrío na redacción, cun consello editorial no que participan Carlos Pereiro *Carlangas*, Lucía Aldao, Belén Regueira, Noa Cid, Cibrán Tenreiro e Tamara de la Fuente. A realización audiovisual está a cargo de Miramemira, coa colaboración de Xavi Font na identidade sonora.

0 comentarios — Ordenar por: Máis antigos

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

Revista en PDF:
Descárgaa xa

· As mulleres representan preto do 34% dos traballadores do Hipersector TIC galego
· #DemosXweb: Buscas mellorar os parámetros produtivos da túa actividade? Áxiliza o teu sistema de traballo coa tecnoloxía 4.0 e a simulación industrial
· O operador Orange reafirma o seu compromiso con Galicia no impulso das redes 5G

Eventos tecnolóxicos
viernes, 19 de abril
Aniversario. Incorporamos a nosa edición im
domingo, 28 de abril
Stg. Día das Rapazas nas TIC (Girls in ICT D
viernes, 10 de mayo
Aniversario Inauguración do CESGA en 199
Google Calendar

Stg. Día das Rapazas nas TIC (Girls in ICT D
viernes, 10 de mayo
Aniversario Inauguración do CESGA en 199
Google Calendar

CÓDIGO CERO

Código Cero, diario de novas tecnolóxicas de Galicia, é unha publicación en galego sobre TIC nacida en formato dixital o 25 de xullo de 2001, que comezou a editarse tamén en formato impreso en decembro do mesmo ano.

dinahosting hospeda este espazo web

CONTACTO

Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa das Hedras 4 1 G
(Pol. Novo Milladoiro)
15895 Ames - Milladoiro

981 53 02 68

redaccion@codigocero.com

PREMIOS

Cultura Galega, 11 de decembro de 2018

http://culturagalega.gal/noticia.php?id=29349

culturagalega

NOTICIAS EN PROFUNDIDADE AXENDA AVG LG3 MEGA SETESTRELO ARTE BANDA DESEÑADA

Praza inicia hoxe a súa nova etapa acompañado da nova revista VINTE

O novo deseño incide en facerse máis accesible e dar servizos exclusivos para suscriptores

11/12/2018 / Santiago. Redacción

vinte

praza

Imaxe: PRAZA

Compartir:

Xa está na rede a nova etapa do xornal dixital Praza.gal. Cun novo deseño e co engadido do nacemento do seu engadido, a revista VINTE. Detrás destes cambios esta o traballo do Laboratorio NUMAX. Entre as novidades que trae a plataforma de Praza está a zona de socias e socios, nela ofreceranse adiantos informativos, contidos exclusivos e outras vantaxes que reforzan o valor de facerse socio de Praza a través da Fundación Praza Pública, algo que tamén se facilita na nova web. VINTE nace dirixido pola xornalista María Yáñez e enfocado cara o público novo desta segunda década do milenio, como un espazo desde o que "retratar e proxectar a Galicia dos anos VINTE", cunha forte aposta polos contidos audiovisuais, polas novas linguaxes e pola distribución nas redes sociais. VINTE publicará novos contidos case a diario, e terá a súa propia zona de socias/os para as persoas que se queiran subscribir e poder acceder así a distintas vantaxes e contidos premium. Grazas a estes cambios no deseño Praza.gal aparece moito máis adaptado aos dispositivos móbiles, ofrecendo unha experiencia de lectura e navegación moito máis áxil e completa, ademais dunha mellor integración do contido multimedia.

Praza.gal | Praza medra... e chega VINTE!

Ver más tarde Compartir

Grazas ao apoio dos socios, Praza.gal pode medrar e crear novos proxectos.

PRAZA.GAL

VINTE

Comunicación Sociedade

HOXE NA NOSA EDICIÓN

Os Amigos do Músicos presentan o disco 'Segundo fogar'

A Fundación Seoane amosa o universo creativo de Jorge Cabezas

Medran as axudas da Agadic a festivais escénicos e musicais

Localizan oito novas estacións de arte rupestre no concello de Silleda

José Manuel Rey dirixirá o Museo de Pontevedra

Radio Galega. Entrevista no programa A Tarde o 10 de xaneiro de 2019.

https://twitter.com/RadioGalega/status/1083377973837946880



Radio Galega
@RadioGalega

Seguir

📻 En #ATarde coñecemos máis de @vintenapraza e @hechosminimos, imos mariscar a Vilarrube, o deseñador Juan Carlos Lago fai carteis da Festa de San Blas de Bembrive e o Colexio de Ópticos fálanos dos ricos do inverno para os nosos ollos. 👀

👉 radiogalega.gal/rg/rg-en-direc …



16:00 - 10/01/2019

1 gústame 

Galicia Emigrante, programa de radio feito en Bos Aires, 15 de decembro de 2018



Jose Lemur
@joselemur

Seguindo

Hoxe estarei no #GalizaEmigrante (@PrensaFSG) falando de Valtonyc, Puigdemont, Feijóo, o rei emérito e as cantareiras galegas Ialma en Bruxelas. Tamén do nacemento de @vintenapraza, unha nova revista cultural galega, e o novo disco de @_chicharron_ radiocooperativa.com.ar/envivo/



18:19 - 15/12/2018

4 rechouchíos **13** gústames



  4   13  

Galipedia

https://gl.wikipedia.org/wiki/Vinte_(revista)

Myanllo Conversa Preferencias Beta Lista de vixilancia Contribucións Sair

WIKIPEDIA
A enciclopedia libre

Artigo Conversa Ler Editar Editar a fonte Ver o historial Máis Procurar en Wikipedia

Portada
Portal da comunidade
A Taberna
Actualidade
Cambios recentes
Artigos de calidade
Páxina aleatoria
Axuda
Doazóns

Imprimir/exportar
Crear un libro
Descargar como PDF
Versión para imprimir

Ferramentas
Páxinas que ligan con esta
Cambios relacionados
Subir un ficheiro
Páxinas especiais
Ligazón permanente
Información da páxina
Elemento de Wikidata
Citar esta páxina

Linguas
English
Engadir ligazóns

Vinte (revista)

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Vinte, tamén ***Vinte na Praza***, é unha revista dixital galega lanzada o 11 de decembro de 2018. Está dirixida a un consumo totalmente dixital, cunha gran presenza de contidos multimedia[1].

Índice [agochar]

1 Características
2 Notas
3 Véxase tamén
3.1 Outros artigos
3.2 Ligazóns externas

Vinte

vinte

Tipo	Revista dixital
Fundación	2018
Empresa editora	Fundación Praza Pública
Director	María Yáñez
Lingua	Galego
Ámbito	Galicia
Contido	Entrevistas, Reportaxes, Crítica, Axenda cultural

Na rede
Web
Twitter @vintenapraza
Facebook

Características [editar | editar a fonte]

María Yáñez, directora de *Vinte*.

Nos seus artigos trátanse diversos temas de sociedade, cultura e tendencias[2] e algunhas das súas seccións son *Fai o que eu che diga*, un consultorio en vídeo de Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado ou *Vinte en...*, reportaxes sobre a vida de personaxes concretas da cultura galega. Edítase dentro da plataforma do xornal *Praza Pública*, replicando o seu modelo de financiamento mediante achegas regulares de socios e publicidade.

Notas [editar | editar a fonte]

1. ↑ María Yáñez (10/12/2018). "Carta da redacción: Cara á Galicia dos anos 20". Consultado o 16/12/2018.
2. ↑ "Praza inicia a súa nova etapa co redeseño do xornal e a benvida a VINTE". Consultado o 16/12/2018.

Véxase tamén [editar | editar a fonte]

Outros artigos [editar | editar a fonte]

- *Praza.gal*
- *Disque Cool*
- *Coralia*

Ligazóns externas [editar | editar a fonte]

- Páxina oficial

Categoría: Revistas galegas | [amosar]

A última edición desta páxina foi o 14 de abril de 2019 ás 19:50.



ANEXO-09
Acollida do proxecto e dos seus contidos nas redes


Daniel Basteiro
@basteiro
Seguindo
Unha nova voz. A idea e as primeiras historias de @vintenapraza son moi prometedoras. Aspira a ser a revista galega de referencia sobre e para os nacidos neste século. Aquí a súa directora @myanllo explica por que.
Carta da redacción Cara á Galicia dos anos 20 - Vinte
A comezos desta década o grupo Ataque Escampe falaba dos "Violentos anos de...
vinte.praza.gal
18:32 - 15/12/2018
3 rechouchíos 16 gústames
1
3
16
vinte
Chía a túa resposta


Daniel Basteiro @basteiro · 15/12/2018
Tres exemplos:
-A Unión Soviética segue sendo un equipo gañador? En Sigüeiro, si
vinte.praza.gal/artigo/a-union...
-A nova cineasta da que todos falan este ano
vinte.praza.gal/artigo/a-nova-...
-(Divertidísimo) Reivindicamos a primeira Sabela que cantou en galego
"SABELA"
A CANTANTE MAIS ENXEBRE DE GALICIA
HORUS
sabela
A CANTANTE MAIS ENXEBRE DE GALICIA
HOMENAXE A ROSALIA
no centenario da sua morte 1885-1985
SABELA
GRABACION ORIXINAL
ESTEREO
Sabela Silva. Reivindicamos a primeira Sabela que cantou en galego...
Toda Galicia está living co éxito de Sabela Ramil, finalista de Operación Triunfo. ...
vinte.praza.gal



GalegoEnLondres @GalegoEnLondres · 12/12/2018 

Vén de nacer VINTE -unha nova revista dixital de sociedade, cultura e tendencias en #galego- 👏👏 e abre con #Londres como protagonista a través das fotos e da poesía do lugués Jesús Castro Yáñez

 Botádelle unha ollada!
@exantheo @vintenapraza



Caderno de Londres. Azucre, plástico, células - Vinte
O poeta Jesús Castro Yáñez botou este outono en Londres. E desde alí envioununos este caderno de impresións que combina fotos quitadas cunha
vinte.praza.gal


     



Ángel Suanzes @angelsuanzes · 11/12/2018



Benvidas, compañeiras de @vintenapraza Tedes tres características que non están de moda: Xornalismo, cultura e galego. A por ese cambio que propoñedes! vinte.praza.gal/artigo/cara-a-… #vintedefenderosmediospúblicos



Carta da redacción Cara á Galicia dos anos 20 - Vinte

A comezos desta década o grupo Ataque Escampe falaba dos "Violentos anos dez". Estamos perto dos anos vinte e, vendo os telexornais, a déc...

vinte.praza.gal












Amanita Studio

30 de novembro de 2018 ·



😮 Expectantes con el nuevo #proyecto VINTE , una revista digital para la #Galicia de los años 20 que verá la luz próximamente de la mano de nuestra querida María Yáñez y el equipo de Praza Pública.
Noraboas anticipadas rapaces!! 🙌
.
.
#AmanitaStudio #EstudioCreativoMultidisciplinar #DiseñoGrafico #DiseñoWeb #Audiovisuales #MonforteDeLemos #RibeiraSacra #GaliciaCalidade #DeseñoGalego #RevistaVinte #VinteNaPraza #VinteIsComing



24.714 reproducións



Flora Miranda Pena
11 de decembro de 2018 ·



Longa vida a Vinte!
Talentazo de mullerazas!! Moi fan!!
Vinvos ben, Guindastre Poético, Lucía Aldao , María Lado e María Yáñez Anllo!



VIMEO.COM
Ti fai o que eu che diga
Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado abren este consultorio en VINTE...


Ti, David Lombao, María Lado e 29 máis	Compartido 6 veces



Suso López Paz

12 de decembro de 2018 ·

Isto de VINTE pinta macanudo, entremos a rebuscar e colaboremos, non será un espacio calquera. Deséxoche a mellor das fortunas María Yáñez





VINTE


11 de decembro de 2018 ·

VINTE xa está en órbita!

Benvidas! Benvidos!

Con Chicharrón, Lucía Estévez, Percebesygrelos - Carolina Iglesias, Unión Soviética Futsal, Novos Cinemas, Tan...

Ver máis





VINTE.PRAZA.GAL



Pablo Lamosa

11 de decembro de 2018 ·



Ollo piollo! Que acaba de nacer algo que vai dar moito que compartillar nos próximos tempos 😛

Fai un par de semanas estaba no Culturgal vendo a presentación que María Yáñez Anllo facía de VINTE, o que pasou a continuación non vos sorprenderá:



Alfonso Zarauza
18 de decembro de 2018 ·



Que interesantes os artigos e os videos de Vinte, en só unha semana de vida xa teñen máis artigos e videos de interese que cáseque todo o que publicaron nos últimos meses todos os xornais impresos galegos nesas páxinas malchamadas de cultura e tendencias...





VINTE.PRAZA.GAL

Océano Surf Museo. Este museo virtual cóntache a historia do surf en Galicia - Vinte



26 · 1 comentario 1 Compartido



ý
@exantheo

Seguindo 

Correde todo o mundo a seguir a @vintenapraza, que se estrea en nada!

12:50 - 11/12/2018

4 gústames 

    4  



Chía a túa resposta



@javierbalea
Seguindo


Fixéronme spoiler sobre a renovación de @prazapublica e da creación de @vintenapraza e xa teño gana de que chegue o día 11 para gozar dos contidos destes proxectos tan xenias.

20:10 - 1/12/2018

4 rechouchíos **18** gústames 

    18  

 Chía a túa resposta


VINTE @vintenapraza · 1/12/2018 
En resposta a @javierbalea



    4  



Xurxo Chapela
@xurxochapela

Seguindo 

Ladys and geypermans, que aí vén a @vintenapraza
E se detrás están @prazapublica e @myanllo, aínda hai máis ganas.



VINTE @vintenapraza
Prepárate para coñecer a Galicia dos anos 20. 🚀

#VinteIsComing

20:51 - 29/11/2018

3 gústames 

 1    3  



Chía a túa resposta



Ana Cermeño @lacerme · 29/11/2018 
En resposta a @xurxochapela @vintenapraza and 2 usuarios máis
Pinta molona

    2  



VINTE @vintenapraza · 29/11/2018

Prepárate para coñecer a Galicia dos anos 20. 🚀

#VinteIsComing



 4  84   215  



Santiago Riveiro
@Santiajose

Seguir

En resposta a @vintenapraza

Moi boa idea e estratexia, e lanzada no momento perfecto. Sodes moi boas e bos... @prazapublica

22:13 - 29/11/2018

1 gústame 

    1  




Miguel
@aqueleGz

Seguindo



Rosalía, Gayoso, Chenoa e Ana Morgade son as referentes de @percebesygrelos
Eu livin con esta muller, outra referente da nosa Galiza pop. 💕💕💕
E, obviamente, encantado con esta nova revista galega. Longa vida a @vintenapraza !
vinte.praza.gal/video/carolina …



13:18 - 11/12/2018

9 rechouchíos **53** gústames



  9   53  



AGARESO
@agareso

Seguindo 

Hoxe saudamos o nacemento de @vintenapraza, a revista dixital de @prazapublica, que terá un oco para a comunicación para o cambio social onde o voluntariado de @agareso terá moito que dicir. Estade atentas, atentos ;)



Portada - Vinte
Cara á Galicia dos anos 20
vinte.praza.gal

13:20 - 11/12/2018

1 rechouchío **5** gústames      



Iago Millo 
@MilloGZ

Seguir

Esto que fan os de @vintenapraza ten unha pintaza. Moitos parabéns!



VINTE @vintenapraza
VINTE xa está en órbita! 💫

👉vinte.praza.gal...

13:32 - 11/12/2018

3 gústames 



Olalla Vaamonde
@olallage

Seguindo 

Chegou xa @vintenapraza! Para non perder, nova referencia web da cultura e actualidade en galego. 🎉🎉



Portada - Vinte
Cara á Galicia dos anos 20
vinte.praza.gal

13:40 - 11/12/2018

2 gústames 



Pablo L. Orosa
@Pablo_L_Orosa


Seguindo

Que boa a presentación de @vintenapraza con este 'Vinte en Carballo con Chicharrón' vinte.praza.gal/video/vinte-en … vía @prazapublica



Vinte en Carballo con Chicharrón - Vinte
Pasamos un día na capital de Bergatiños cuns veciños ilustres: o grupo Chicharrón, que acaba de lanzar o seu 3º LP: Cancións Clínicas.
vinte.praza.gal

13:41 - 11/12/2018

5 rechouchíos **12** gústames



  5  12 



Gonzalo Ballesteros
@quepasaLalin


Seguir

Onte non dixen nada, pero o meu medio en galego favorito, @prazapublica, rexuveneceu da man de @numaxcoop e saíulle unha irmá siamesa, @vintenapraza, en forma de revista dixital. Parabéns e feliz 2020! (vai sobrar 2019😉)

08:57 - 12/12/2018

2 rechouchíos **10** gústames



  2  10 



A profa (Pilar Ponte)
@aprofa

Seguir 

Sabes o que é unha desgraza? Ver os contidos de @vintenapraza e en vez de poder quedar a velos na camiña ter que marchar traballar.



VINTE @vintenapraza
VINTE xa está en órbita! 💫

👉vinte.praza.gal…

08:16 - 12/12/2018

3 rechouchíos **10** gústames





Berta Dávila
@bertadavila

Seguindo 

VINTE é o máis molón que vexo desde As chicas Gilmore! Parabéns @vintenapraza!



VINTE @vintenapraza
VINTE xa está en órbita!

vinte.praza.gal…

11:29 - 13/12/2018

2 rechouchíos **10** gústames



 1  2   10  



Chía a túa resposta



VINTE @vintenapraza · 13/12/2018 
En resposta a @bertadavila





Nós Televisión
@NosTelevision

Seguindo 

Xa na rede @vintenapraza, a nova revista dixital centrada na "Galicia dos anos vinte" e hoxe conversamos coa súa directora, @myanllo



Vinte: sociedade, cultura e tendencias en galego
Contidos sociais, culturais, tendencias… Así é Vinte, a nova revista dixital que xorde da man de Praza Pública

18:28 - 11/12/2018

9 rechouchíos **19** gústames





Gonzalo Hermo
@HermoGonzalo

Seguir



Nace @vintenapraza , revista ou plataforma dixital de contidos multimedia, con temática ampla arredor da sociedade actual, da cultura popular, das tendencias globais e locais. Benvid*s!



Portada - Vinte
Cara á Galicia dos anos 20
vinte.praza.gal

14:28 - 11/12/2018

3 rechouchíos **10** gústames





Cibrán Tenreiro
@cibrantenreiro

Seguindo



Xa está na rede @vintenapraza, e botando un ollo aos contidos de portada penso que apela a unha idea de Galicia que xa ía facendo falla: non está só nas cidades, non está só nas festas, non é só para señores e non é aburrida.



Portada - Vinte
Cara á Galicia dos anos 20
vinte.praza.gal

14:06 - 11/12/2018

12 rechouchíos **38** gústames






Virginia Uzal
@VirginiaUzal

Seguindo 

“Madrid é a cidade con máis lectores de @prazapublica e a terceira no caso de @vintenapraza , despois da Coruña e Santiago. Por iso temos que vir a Madrid, unha das cidades con máis migración galega”, contan @DavidLombao @myanllo na presentación de @vintenapraza en Madrid.



20:49 - 14/12/2018

11 rechouchíos **41** gústames 



Antonio Santos
@SantosTB08

Seguindo 

Boísima a presentación de @vintenapraza en Madrid, coñecendo un pouco máis os primeiros pasos desta aventura. Abraiado coa amabilidade de @DavidLombao e o talento humorístico de @myanllo, moi en liña co da Sabela_oficial 😂😂😂 Noraboa! #vinteenmadrid






OMEN
@omencinema

Seguir

 Abrazamos a chegada esta semana de @vintenapraza. Que necesarias sodes! Agardámosvos en Barcelona, somos moitos galegos e galegas na diáspora 👉 vinte.praza.gal



VINTE @vintenapraza
Prepárate para coñecer a Galicia dos anos 20. 🚀

#VinteIsComing

15:16 - 16/12/2018

2 rechouchíos **9** gústames



 1  2   9  



Chía a túa resposta



VINTE @vintenapraza · 16/12/2018
En resposta a @omencinema
Moitas grazas! Na rede estamos todas igual de xuntas, igual de dispersas. 😍
Apertas para Barcelona!

    3  



Diego Giráldez
@diegogiraldez


Seguindo 

Paseino pipa vendo o #ConsultorioVinte de @vintenapraza.



Ti fai o que eu che diga #1 - Vinte
Amor, veganismo, gasoil, Heredeiros da Crus, políticos galegos, maternidade, Zara... son algúns dos temas aos que responden Lucía Aldao, Iria Pinheiro e María Lado ...
vinte.praza.gal

19:21 - 29/12/2018

3 rechouchíos **6** gústames 



Laura Casielles
@lauracasielles

Seguir 

Mi querido @franplorenzo me habló de @vintenapraza, una revista que está intentando hacer en Galicia algo muy interesante.

Y luego se estrenó en ella con este articulazo, que habla de su ciudad, pero habla de tanto que nos pasa.

Grande.

> **VINTE** @vintenapraza
> Un percorrido pola megalomanía política, o buraco identitario e a fascinación polas luces de Nadal. ✨ Disto se nutre o actual alcalde de Vigo para exercer a súa memecracia. Por @franplorenzo. Fotos de Miguel Blanco Arango. vinte.praza.gal/artigo/a-maldi…
> Amosar este fío

19:05 - 25/12/2018 desde Siero, España

4 rechouchíos **11** gústames



 1  4   11  



Beltrán Puentes Cociña
@beltranpuentes

Seguir 

"Ordes, moito máis que unha vila de paso", unha reportaxe interesante (non sabería dicir se fermosa ou triste) sobre unha vila de referencia comarcal que esmorece ante a falta de oferta laboral, cultural e de lecer. Na @vintenapraza vinte.praza.gal/artigo/moito-m ... via @prazapublica



Vinte en Ordes. Moito máis que unha vila de paso - Vinte

Para a maioría da xente Ordes é unha vila de paso a medio camiño entre Santiago e A Coruña. Para todo o mundo rural que hai arredor é a referencia urbana, a vila. E...

vinte.praza.gal

16:34 - 24/12/2018

4 rechouchíos **6** gústames 



Fernando Epelde
@FerEpelde

Seguindo 

Outro artigazo en @vintenapraza



Océano Surf Museo. Este museo virtual cóntache a historia do surf en Galici...
O Océano Surf Museo en Valdoviño é o único museo dedicado ao surf de España. Conta cunha web sobre a historia deste deporte e os seus inicios en Galicia que é ...
vinte.praza.gal

21:19 - 19/12/2018

2 gústames  



Anxos Sobriño
@anxossobrino

Seguir 

"Vigo. A maldición da luz", xenial @franplorenzo describíndonos o que ocorre en Vigo! Grazas por escribires para comprender e por facernos comprender a nós tamén! vinte.praza.gal/artigo/a-maldi… vía @prazapublica @vintenapraza



Vigo. A maldición da luz - Vinte
Un percorrido pola megalomanía política, o buraco identitario e a fascinación polas luces de Nadal. Disto se nutre o actual alcalde de Vigo para exercer a súa memec...
vinte.praza.gal

13:46 - 18/12/2018

3 gústames   



Carlos Meixide

13 de decembro de 2018 ·



Xente e cousas marabillosas que nos vai descubrindo VINTE





VINTE.PRAZA.GAL

Caderno de Londres Azucre, plástico, células - Vinte

O poeta Jesús Castro Yáñez botou este outono en Londres. E desde alí...

 Esmeralda López Castro, Moi AJ e 11 máis

1 Compartido



Silvia Fuentes

11 de decembro de 2018 ·



Na primeira portada de VINTE están Estévez, Nuno, Chicharrón e Novos Cinemas.
É pra pedirlles matrimonio editorial ❤️





VINTE.PRAZA.GAL

Portada - Vinte

Cara á Galicia dos anos 20

 Ti, Sonia Méndez, Cibrán Tenreiro Uzal e 24 máis 2 comentarios



Sonia Méndez
11 de decembro de 2018 ·



Mimadriña, que falta facía ISTO.
Vémonos en VINTE!

Unha revista ou plataforma dixital de contidos multimedia, con temática ampla arredor da sociedade actual, da cultura popular, das tendencias globais e locais

Brava María Yáñez.




VINTE
11 de decembro de 2018 ·

VINTE xa está en órbita!

Benvidas! Benvidos!

Con Chicharrón, Lucía Estévez, Percebesygrelos - Carolina Iglesias, Unión Soviética Futsal, Novos Cinemas, Tan...

Ver máis





VINTE.PRAZA.GAL

Carta da redacción Cara á Galicia dos anos 20 - Vinte



Gerardo Do Covelo
29 de novembro de 2018 ·



Promo #spettacolare



24.715 reproducións

VINTE
29 de novembro de 2018 ás 16:10 · ·

Prepárate para coñecer a Galicia dos anos 20.

#VinteIsComing

Sociedade, cultura e tendencias contadas doutro xeito, para novos públicos na rede. ...
Ver máis



Jorge Duarte está con **Marta Lois González** e **María Yáñez Anllo.**



23 de novembro de 2018 ·

Longa vida a #Vinte, a nova criatura de @prazapublica que a tal hora se presenta no Auditorio de Galicia.
Unha boa nova para o xornalismo cultural e de calidade. Unha boa nova para o país.







Marcos Pérez Pena
@marcosperezpena

Seguindo 

Presentación de @vintenapraza na Coruña, ás 20:20 deste día 20. @myanllo @DavidLombao @prazapublica



20:21 - 20/12/2018

4 rechouchíos **18** gústames





David Lombao
@DavidLombao



Seguindo

Fáganme o favor de non perder esta reportaxe con xogadoras do @EnsinoLugoCB que vén de publicar @gpuntovilarinho en @vintenapraza. Sobre baloncesto, mulleres bravas (e sobre Lugo, claro)



Baloncesto. Vinte no vestiario do Durán Maquinaria Ensino Lugo - Vi...
As xogadas non son o único que protagoniza un vestiario. Oposicións, cultura senegalesa, historias de conciliación, stories de Instagram, vinte...
vinte.praza.gal

18:03 - 22/12/2018

13 rechouchíos **25** gústames





Local de Música
@LocaldeMusica

Seguindo 

"Cantando en galego non se chega a ningún lado."

Se algunha vez pensaches, dixeches ou escoitaches esta frases debes ler este artigo de @vintenapraza

Desde Leipzig, Alemaña, Pablo Caamiña, para o mundo. E en galego.

vinte.praza.gal/artigo/cando-e …





Rómulo Sanjurjo
@RomuloSanjurjo

Seguir 

Moi interesante @vintenapraza !

VINTE @vintenapraza
Hai tempo que Spotify permite coñecer cales son as cancións máis escoitadas segundo as cidades de cada país. Quixemos comprobar que foi o que se escoitou nas cidades galegas nos últimos días do 2018. Os resultados foron sorprendentes.


Amosar este fío

14:27 - 3/01/2019

1 gústame 



Olimpia López Rodríguez
@OlimpiaLopezRo

Seguir 

"Neste traballo a compoñente de De Vacas explora e reivindica, cunha ollada moi persoal, os cantos tradicionais transmitidos polas mulleres"
Fala de #arquivos sonoros, de investigacións, das #mulleres, de Galicia,... Precioso!!!
Vía @vintenapraza



O novo traballo en solitario de Faia - Vinte
A cantora Faia Díaz prepara o lanzamento do seu primeiro disco en solitario, producido polo Hevi (Malandrómeda, Fluzo). Neste traballo a compoñente de De...
vinte.praza.gal

18:37 - 3/01/2019

5 rechouchíos **8** gústames






Javi Mos 
@javimos

Seguir

Que tempos... o #BarTolo compostelá e @sevepez !!
Interesantes, directos, "modernais" e melancólicos artigos en @vintenapraza
A darlle!!!



25 anos do Bar Tolo - Vinte
O Bar Tolo de Santiago de Compostela cumpre 25 anos e para celebralo fixeron un ciclo de concertos que remata este sábado na Sala Malatesta. En VINTE somos m...
vinte.praza.gal

21:54 - 3/01/2019

7 gústames      



AGARESO
@agareso

Seguindo 

Hoxe @vintenapraza publica unha peza de @wider_sight e @roiguitian sobre o #EpDLab, o Laboratorio de Educación para o Desenvolvemento do que tan orgullosas e orgullosos estamos en @agareso. Non vola perdades!



EpDLab. Adolescentes que reflexionan sobre a desigualdade usando as narr…
Iniciamos unha serie de colaboracións coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso). Nesta reportaxe cóntannos en primeira persoa a experiencia...
vinte.praza.gal

10:47 - 4/01/2019

8 rechouchíos **7** gústames 



Pablo Santiago
@pablostiago

Seguindo 

🇵🇸Aí atrás estivemos en Hebrón (Cisxordania) @sofia_deus. Coñecemos a persoas que levan décadas sufrindo a a diario a opresión de Israel. En @vintenapraza e da man de @agareso 👇



Un día en Hebrón: a resistencia como xeito de vida - Vinte
Hebrón é o único núcleo en Cisxordania no que os asentamentos de colonos israelís se atopan no centro da cidade. Da man de dous xornalis...
vinte.praza.gal

15:03 - 29/01/2019

4 rechouchíos **4** gústames










Mocidade Compostela
@Mocidade_Compos

Seguir 

🎶🎤🎧🎼Que música escoitamos en #Compostela durante o 2018? E que suxerencias musicais podemos sacar das outras cidades de Galicia? Interesante reportaxe de @vintenapraza!



Mapa de Spotify. Que se escoita nas cidades galegas? - Vinte
Hai tempo que Spotify, a través do seu Musical Map Of The World, permite coñecer cales son as cancións máis escoitadas segundo as cidades de cada país. Unhas li...
vinte.praza.gal

15:01 - 4/01/2019

5 rechouchíos **7** gústames 



David Lombao
@DavidLombao

Seguindo 

Esta peza de @vintenapraza ten de fondo, creo, algo moi san. Difundir máis o que gusta, o bonito, o que se cre que constrúe. E menos as provocacións profesionais, trosmas e trapalladas en xeral

zulay | negro caravel
Moitas persoas co mes
galego sempre no 201
Non estou soa, isto é f
12:43 - 3/01/2019

Praza Pública @prazapublica
Neofalantes en Twitter: "O meu propósito deste ano é falar galego". @vintenapraza recolle os propósitos a prol de empregar máis a lingua galega que percorren as redes sociais nos primeiros días do 2019 i.gal/HQM6p

Amosar este fío

10:17 - 8/01/2019

7 rechouchíos **33** gústames





As Brigantias Roller Derby A Coruña
@RDerbyCoruna

Seguindo 

Ohhhh yeahhhh!!!
Velaquí o vídeo que anunciamos hai unhas semanas e que queriades ver.... Grazas polo bo trato @vintenapraza

> **VINTE** @vintenapraza
> VÍDEO | As Brigantias da Coruña son as pioneiras galegas do #RollerDerby, un deporte de contacto a patíns que vive o seu rexurdimento mundial da man do movemento riot grrrl.
> @RDerbyCoruna

10:45 - 9/01/2019 desde Santiago de Compostela, España

4 rechouchíos **9** gústames 



itrynottothink
@itrynottothink

Seguir 

Non vos facedes unha idea da ilu que me fai que @wearcoclub #adoptaunaprenda saia en @vintenapraza ✨ #modasostenible

> **coclub** @wearcoclub
> #adoptaunaprenda e as historias detrás de cada peza en @vintenapraza
> vinte.praza.gal/artigo/que-his…

15:02 - 12/01/2019 desde Vigo, España

1 rechouchío **7** gústames 



Olalla Tuñas
@olalla_tunas

Seguindo 

Que gusto escoitar a @melaniafreire! vinte.praza.gal/video/melania- … via @vintenapraza



Melania Freire: arte e moda a partir de panos, cadros e cobertores - Vinte

A deseñadora Melania Freire presenta o 24 de xaneiro na pasarela EGO da Madrid Fashion Week a súa colección "Merquei unha postal de David Hockney". Esta artista

vinte.praza.gal

12:14 - 27/01/2019

3 rechouchíos **6** gústames 